# CONVOCATORIA DE MATRÍCULA

# EN ESTUDOS DE POSGRAO

# CURSO 2017/2018

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 13 DE XUÑO DE 2017 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE MATRÍCULA PARA ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO ACADÉMICO 2017/2018**

En cumprimento do establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo (DOG de 2 de febreiro de 2010), no Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao (aprobado polo Consello de Goberno na súa reunión do 14 de marzo de 2007, modificado nas sesións do 16 de abril de 2010, 8 de febreiro de 2012, e 18 de decembro de 2013), no Regulamento de Estudos de Doutoramento (aprobado polo Consello de Goberno na súa reunión do 20 de xullo de 2012 e modificado nas sesións do 6 de xuño de 2014 e do 7 de febreiro de 2017), nos calendarios de matrícula (aprobados pola Comisión de Organización Académica e Profesorado na súa reunión do 12 de maio, para estudos de máster, e pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento na súa reunión do 24 de marzo de 2017) e nas normas de acceso, admisión e matrícula dos estudos oficiais de posgrao universitario para o curso 2017/2018, esta Reitoría resolve publicar a convocatoria de matrícula nos estudos oficiais conducentes aos títulos de Máster Universitario e de Doutor/Doutora para o curso académico 2017/2018, conforme ás seguintes normas, estruturadas en tres apartados: matrícula en másteres universitarios; matrícula en estudos de doutoramento; normas comúns á matrícula nos estudos de posgrao.

# Matrícula en Másteres Universitarios

## I.1 Requisitos de acceso

Para o acceso aos estudos oficiais de Máster Universitario as e os aspirantes deberán reunir algún dos seguintes requisitos:

a) Estar en posesión dun título universitario oficial español (licenciada ou licenciado, arquitecta ou arquitecto, enxeñeira ou enxeñeiro, enxeñeira técnica ou enxeñeiro técnico, arquitecta técnica ou arquitecto técnico, diplomada ou diplomado), ou calquera outra titulación oficial equivalente, ou outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro Estado do Espazo Europeo de Educación Superior que faculte no país expedidor do título para o acceso ás ensinanzas de Máster.

b) Estar en posesión do título oficial de graduada ou graduado universitario.

c) As e os aspirantes con titulación estranxeira expedida por unha institución de educación superior non pertencente a un estado do Espazo Europeo de Educación Superior poderán acceder aos estudos de posgrao se cumpren algún dos seguintes requisitos:

1. Estar en posesión dun título expedido por un sistema universitario estranxeiro e que estea homologado a un título español que habilite para o acceso aos estudos de posgrao.

2. Posuír un título expedido por un sistema universitario estranxeiro, alleo ao EEES, e sen homologación, coa comprobación previa de que o título expedido polo sistema universitario estranxeiro acredita un nivel de formación equivalente ao correspondente título español de grao e que faculta no país expedidor do título para o acceso aos estudos de posgrao.

Neste caso as e os aspirantes deberán presentar a correspondente solicitude de equivalencia de título, no momento da preinscrición, xunto co resto da documentación de matrícula. Así mesmo, no momento da matrícula deberá proceder ao pagamento das taxas de equivalencia establecidas, tras o que se emitirá a correspondente resolución reitoral.

Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título estranxeiro da interesada ou do interesado, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os estudos de posgrao.

A resolución que desestime a equivalencia dos estudos estranxeiros cursados a efectos do ingreso nos estudos de posgrao, implicará a anulación de cantos actos se deriven da matrícula.

## I.2 Tipos de matrícula e condicións xerais

### I.2.1 Matrícula ordinaria

Cada estudante dunha titulación de máster deberá obter no primeiro curso académico un mínimo de tres materias ou 18 créditos se está en réxime de tempo completo e dúas materias ou 12 créditos se está en réxime de tempo parcial. O estudantado matriculado nunha titulación oficial de máster disporá de dúas convocatorias para superar cada materia. A formalización da matrícula nas titulacións oficiais de máster dará dereito, en cada curso académico, a unha única convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme o calendario académico aprobado ou a norma que corresponda. No cómputo das convocatorias para superar unha materia non se terán en conta aquelas nas que figure a consideración de "non presentada/o" ou "non avaliada/o".

#### I.2.1.1 Matrícula a tempo completo

O alumnado que opte pola matrícula a tempo completo deberá matricularse de 48 a 60 ECTS por curso académico, salvo que para rematar os seus estudos lle faltaran menos de 48 ECTS, ou que a propia

distribución temporal dos estudos obrigue a matrículas dun número diferente de créditos.

O alumnado que solicite matrícula en réxime de tempo completo ten preferencia sobre os que soliciten matrícula en réxime de tempo parcial.

#### I.2.1.2 Matrícula a tempo parcial

A matrícula a tempo parcial é unha opción de cada título de Máster Universitario (Anexo III). Se o título permite a opción de matrícula a tempo parcial, as e os aspirantes que optaren por esta modalidade deberán matricularse dun mínimo de 18 ECTS e dun máximo de 47 ECTS por curso académico atendendo aos criterios e prelacións establecidos polo título (Anexo III), agás no caso do alumnado ao que lle resten menos de 18 ECTS para rematar os seus estudos, que deberá matricularse de todos os créditos necesarios para obter o título.

O alumnado que formalice a súa matrícula de inicio de estudos de máster no segundo cuadrimestre matricularase dos créditos establecidos no plan de estudos para o segundo cuadrimestre, excepto os correspondentes ao Traballo Fin de Máster.

O alumnado que formalice a súa matrícula de continuación de estudos de máster no segundo cuadrimestre matricularase de entre 9 e menos de 24 ECTS, agás a quen lle resten menos de 9 ECTS para rematar os estudos. Este colectivo, de incluír na matrícula materias cursadas e non superadas, poderá matricularse ata 39 ECTS, a metade do establecido no apartado I.9 da convocatoria de matrícula. A matrícula de entre 24 e 30 ECTS (ou máis naqueles casos nos que o plan de estudos estableza un número de créditos superior a 30 para ese cuadrimestre) considerarase realizada a tempo completo.

Para poder matricularse do Traballo Fin de Máster, nesta modalidade de matrícula, é necesario que a alumna ou o alumno se atope matriculado de todos os créditos que lle resten para rematar a titulación.

### I.2.2 Alumnas e alumnos de Programas Interuniversitarios

Formalizarán a matrícula mediante os procedementos, normas de liquidación de prezos e prazos establecidos pola universidade na que se matriculen. A matrícula será única e comprenderá todas as materias que solicite cursar o alumnado nas distintas institucións.

### I.2.3 Alumnas e alumnos estranxeiros de programas de intercambio

Os e as estudantes estranxeiras de programas de intercambio terán dereito ao seguimento e certificación daquelas materias que figuren no seu contrato de estudos de intercambio, pero non á obtención do título do máster ou programa de doutoramento no que desenvolvan o seu programa de intercambio.

### I.2.4 Cota de alumnado con discapacidade

Establécese para todos os másteres unha cota do 5% das prazas para os e as estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e reúnan os requisitos de acceso e admisión establecidos para cada máster. Os criterios de adxudicación serán os establecidos con carácter xeral para cada máster, e en ausencia dos mesmos o criterio será a nota obtida nos estudos que lles dean acceso. As prazas obxecto de reserva que queden por cubrir acumularanse ás ofertadas polo réxime xeral.

- O alumnado que queira acceder por esta cota deberá realizar a preinscrición nos prazos establecidos, e indicará na mesma a condición de discapacitado. Deberá entregar na secretaría do seu centro de adscrición a seguinte documentación, ademáis da que lle correspondera para a realización da súa matrícula: Copia do xustificante oficial que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Co fin de dispoñer dos datos necesarios para dar apoio e facilitar os servizos e recursos específicos aportará o impreso PIUNE que pode atopar no apartado de matrícula na web posgrao.uvigo.es.

### I.2.5 Condicións xerais

A falsidade ou inexactitude dos datos académicos ou dos méritos declarados dará lugar á anulación dos actos derivados e á exclusión da e do solicitante no procedemento de adxudicación de prazas.

De non presentar a documentación requirida nesta convocatoria nos prazos sinalados procederase a iniciar os trámites para o arquivo da matrícula realizada.

Estas normas son de aplicación xeral excepto no caso de títulos interuniversitarios, nos que por motivos de coordinación co resto das universidades participantes, sexa necesario ditar normas adicionais específicas.

No caso de títulos interuniversitarios, o alumnado poderá solicitar algunha das prazas ofertadas de xeito independente en cada unha das universidades participantes no título, debendo optar por unha delas no momento de formalizar a matrícula.

Salvo que a Comisión Académica do Máster estableza o contrario, en caso de que non se cubran as prazas das diferentes cotas establecidas en réxime de matrícula ordinaria de cada título, estas prazas poderán ser asignadas a solicitantes doutras cotas.

## I.3 Formalización da matrícula de novo ingreso

### I.3.1 Preinscrición

As e os aspirantes deberán cubrir a preinscrición vía telemática nos prazos establecidos no calendario (Anexo I) na dirección de Internet http://posgrao.uvigo.es.

De conformidade co calendario (Anexo I) establecido, unha vez finalizado o primeiro prazo de matrícula, se quedaren prazas vacantes, abrirase un segundo prazo de matrícula que se rexerá polos mesmos principios e condicións que o primeiro prazo.

Con carácter extraordinario, as Comisións Académicas de cada máster poderán solicitar un terceiro prazo, en función da valoración do número de prazas xa adxudicadas para cada cota, nos dous prazos ordinarios anteriores.

Cada alumno ou alumna poderá preinscribirse nun máximo de 4 másteres da Universidade de Vigo.

A documentación solicitada por cada título figura no Anexo III a este documento.

A Secretaría de alumnos do centro de adscrición do Máster comprobará a documentación presentada para garantir o cumprimento dos requisitos de acceso a un máster universitario. Ditos requisitos deben cumprirse na data de remate do prazo de preinscrición establecido, excepto no caso de solicitudes autorizadas á matrícula fora de prazo en másteres que, rematados os procesos oficiais de preinscrición e matrícula, aínda teñan prazas vacantes, en que deberán reunir os requisitos no momento de formalizar a solicitude.

Na solicitude as alumnas e os alumnos deberán incluír un enderezo de correo electrónico, que será o medio preferente utilizado pola universidade para enviar as comunicacións e notificacións que se derivaren deste proceso. De non ser posible a comunicación por este medio, esta farase a través do taboleiro de anuncios do centro de adscrición do máster.

#### I.3.1.1 Alumnado da Universidade de Vigo

Para as alumnas e os alumnos e tituladas e titulados da Universidade de Vigo, achegarán o curriculum vitae, cando o Máster así o requira, pero non terán que entregar nin certificado académico nin título.

Así mesmo o alumnado solicitante de exención de taxas deberá presentar a correspondente certificación de xustificación da exención de taxas na secretaría de alumnos do centro de adscrición do título (ver Anexo II) desde a data de formalización de matrícula ata un prazo máximo de 10 días desde o último día establecido no calendario oficial para a formalización da súa matrícula. De non facelo así a secretaría do centro de adscrición eliminará a exención da matrícula e emitirá a carta de pagamento das taxas completas que lle correspondan.

### I.3.1.2 Alumnado doutras Universidades españolas e do EEES

Para o alumnado doutras Universidades españolas ou de Universidades do EEES, a documentación física será entregada directamente xunto coa solicitude xerada na plataforma na secretaría de alumnos do centro de adscrición do Máster, dentro do prazo de preinscrición establecido. Deberán achegar a documentación orixinal xunto cunha copia para que poida ser cotexada con aquela, entregando esta última.

A documentación que deben presentar é a seguinte:

a) Certificación de xustificación da exención de taxas, se fora o caso

b) DNI ou pasaporte

c) Certificación académica, con expresión da nota media do expediente calculada, sempre que sexa posible, de acordo co establecido no Real Decreto 1125/2003 e no protocolo de colaboración subscrito entre a consellería e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos, resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. De non reflectirse na certificación dita nota media, o alumnado deberá presentar, xunto coa certificación académica, unha declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento *online* establecido polo MECD no enderezo web:

http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html

d) Título de acceso.

Non obstante, poderá presentarse a devandita solicitude (a plataforma xera un documento PDF de solicitude) e a documentación en soporte papel nos Rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera procedemento establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Nestes casos adiantarase copia exacta escaneada desa documentación ao correo electrónico do centro de adscrición (Anexo II).

### I.3.1.3 Alumnado estranxeiro

O alumnado estranxeiro que posúa un título expedido por un sistema universitario estranxeiro, alleo ao EEES, e sen homologación, deberán realizar igualmente os procesos de preinscrición e matrícula nos prazos establecidos no calendario (Anexo I).

Así mesmo deberán presentar xunto co impreso xerado na plataforma informática a seguinte documentación na secretaría de alumnos do centro de adscrición ou nalgún dos Rexistros Oficiais da Universidade de Vigo, dentro do prazo de preinscrición establecido:

a) Solicitude de equivalencia do título (Anexo VI)

b) Fotocopia compulsada do DNI ou Pasaporte

c) Fotocopia do título universitario estranxeiro

d) Certificación académica dos estudos universitarios cursados conducentes ao título presentado.

e) Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento *online* establecido polo MECD no enderezo web:

http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html

f) Plan de estudos

No caso de que a Comisión Académica así o determine poderá solicitarse tamén o programa das diferentes materias aos efectos de comprobar os seus contidos e carga lectiva.

En calquera caso, a copia debidamente legalizada e/ou traducida da documentación deberá entregarse na secretaría do centro de adscrición dos estudos de posgrao antes do 15 de novembro de 2017.

O alumnado deberá aboar as taxas establecidas para a tramitación da súa solicitude de equivalencia e realizar a matrícula nos prazos que, con carácter xeral, se determinan nesta convocatoria de matrícula.

Os documentos c), d) e e) deben estar legalizados por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España e co Visto e prace do Ministerio de Asuntos Exteriores de España (R/José Abascal, 41, Madrid); os documentos cuñados coa "apostilla" (Convención da Haya) non precisan outra legalización diplomática ou consular. Estes requisitos non se esixirán para os documentos expedidos polas autoridades de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

O alumnado que posúa documentación nun idioma distinto do galego ou castelán, tanto de países pertencentes ao EEES como de países alleos ao mesmo, deberá acompañala da correspondente tradución xurada. No caso concreto da certificación esta indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima para aprobar.

No Anexo XIV establécese o procedemento para solicitudes de admisión no curso 2018/2019 daqueles alumnos estranxeiros que teñan necesidade de obter un documento de admisión nun máster ou programa de doutoramento para xestionar determinados tipos de bolsa, visados, disposición de divisas ou calquera outro trámite administrativo no seu país de orixe que requira este documento.

Os e as estudantes estranxeiros e estranxeiras de programas de intercambio terán dereito ao seguimento e certificación daquelas materias que figuren no seu contrato de estudos de intercambio, pero non á obtención do título do

máster ou programa de doutoramento no que desenvolvan o seu programa de intercambio.

### I.3.2 Admisión

Os requisitos e criterios de valoración establecidos por cada título figuran no Anexo III a este documento.

Pode haber candidatas ou candidatos que resulten excluídas ou excluídos, ben por non cumprir os requisitos de admisión, ben porque se superou o límite de prazas establecido para esa titulación e, consonte aos criterios de valoración establecidos no Anexo III non acadaron praza, ou ben porque da revisión da documentación se derivan incumprimentos dos méritos ou requisitos alegados.

Nas titulacións que se especifican no Anexo III é preciso superar, con carácter previo á matrícula nas materias do título, ben unha proba de acceso, nas condicións que se establecen, ou ben superar créditos de nivelación dependendo da titulación de procedencia.

A Comisión Académica do Máster poderá solicitar a documentación acreditativa dos méritos alegados no Curriculum Vitae, que deberá achegarse nun prazo non superior a 10 días, quedando a confirmación da matrícula condicionada á recepción da mesma nese prazo pola secretaría de alumnos do centro de adscrición.

### I.3.3 Confirmación de Matrícula

A implantación dos estudos de Máster universitario está condicionada á confirmación da autorización por parte do Consello de Universidades e da Xunta de Galicia, así como a de acadar o número mínimo establecido de alumnado matriculado. Se se cumpren estas condicións, a matrícula confirmarase sempre que haxa menos solicitantes admitidas e admitidos que prazas se estableceran para cada cota, ou habendo máis solicitudes, cando o expediente da alumna ou do alumno ocupe un posto igual ou inferior ao número de prazas, de acordo coa priorización establecida no Anexo III para cada Máster. O alumnado ao que a súa matrícula non lle poida ser confirmada por estes motivos terá dereito á devolución das taxas correspondentes que realmente tivera aboado.

### I.3.4 Procedemento de adxudicación de prazas e matrícula

#### I.3.4.1 1º prazo de matrícula

O alumnado presentará a súa solicitude de matrícula a través da plataforma informática, nas datas indicadas como prazo de preinscrición. Dentro dese mesmo prazo a alumna ou o alumno entregará a documentación necesaria, en papel, no centro correspondente.

A Comisión Académica do Máster valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios de admisión establecidos no Anexo III e fará pública a listaxe provisoria de admitidas ou admitidos e excluídas ou excluídos.

Finalizado o prazo de reclamacións a Comisión Académica do Máster trasladará o listado definitivo de admitidas ou admitidos e excluídas ou excluídos, á secretaría de alumnos do centro de adscrición, especificando no mesmo as alumnas e alumnos autorizadas ou autorizados a matricularse e os que quedan en lista de agarda. Tamén se indicaran os complementos de formación, ou materias específicas, que debe cursar o alumno ou alumna, no seu caso. Neste listado definitivo deberá incorporarse aquel alumnado estranxeiro que fora preadmitido no prazo extraordinario convocado no Anexo XIV da convocatoria de matrícula do curso 2016/2017, aos efectos de facilitar a tramitación de bolsas e visados, sempre que consonte aos criterios de valoración establecidos no Anexo III acadaran praza.

A Secretaría de alumnos trasladará á plataforma informática a autorización das alumnas ou dos alumnos que poden matricularse e publicará os listados definitivos no taboleiro e/ou na páxina web do centro de adscrición.

Unha vez publicado o listado definitivo, o alumnado autorizado a matrícula disporá do prazo establecido no calendario (Anexo I) para confirmar a súa matrícula definitiva no mesmo enderezo electrónico que para a preinscrición (http://posgrao.uvigo.es), e disporá do prazo establecido para cada modalidade de pagamento para facer efectivo o mesmo. De non facelo así entenderase que desiste do seu dereito á matricula e será convocado o seguinte alumnado admitido, da lista de agarda, que disporá dun prazo máximo de tres días hábiles para confirmar a súa matrícula.

O alumnado admitido en máis dun máster terá que decidirse por un deles no proceso de matrícula definitiva, consonte á prioridade establecida pola alumna ou polo alumno no proceso de preinscrición, e a aplicación informática o eliminará nos outros estudos nos que estea preinscrita ou preinscrito.

Naqueles casos nos que o proceso de admisión fora atribuído ás secretarías do centro de adscrición do máster, estas substituirán á Comisión Académica do Máster nas actuacións atribuídas a esta en dito proceso.

#### I.3.4.2 2º prazo

De quedar prazas vacantes ao remate do 1º prazo, abrirase un 2º período seguindo o mesmo procedemento, para completar todas as prazas convocadas.

#### I.3.4.3 3º prazo

Este prazo habilitarase soamente a solicitude da Comisión Académica de cada Máster, en función da valoración das prazas cubertas nos dous prazos anteriores. A solicitude realizarase ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao dende o 20 ata as 14’00 horas do 22 de setembro de 2017.

O procedemento será o mesmo que o establecido para o 1º prazo.

#### I.3.4.4 Prazos en másteres interuniversitarios

O alumnado que solicite a admisión en másteres interuniversitarios nos que permanezan abertos prazos de preinscrición noutra das universidades participantes do SUG, unha vez pechados os prazos na Universidade de Vigo, poderán realizar excepcionalmente a súa solicitude na Universidade de Vigo fóra dos prazos indicados.

## I.4 Formalización da matrícula de continuación de estudos

As e os aspirantes deberán formalizar a matrícula vía telemática nos prazos establecidos no calendario (Anexo I) na dirección de Internet http://posgrao.uvigo.es.

As e os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación na secretaría de alumnos do centro de adscrición do título (ver Anexo II) nun prazo máximo de 10 días desde o último día de formalización de matrícula establecido no calendario oficial:

- Certificación de xustificación da exención de taxas, se fora o caso

Non obstante, poderá presentarse a devandita solicitude (a plataforma xera un documento PDF de solicitude) e a documentación en soporte papel nos Rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera procedemento establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## I.5 Formalización da matrícula en réxime de tempo parcial

As e os estudantes que desexen acollerse á modalidade de estudos a tempo parcial deben indicalo no momento de realizar a preinscrición. Os que así o tiveran sinalado deben presentar no momento da matrícula, que deberán formalizar inicialmente nun total de, alomenos 48 ECTS dos que constan no 1º curso, na modalidade de tempo completo, unha solicitude que acredite as circunstancias que concorran e xustifiquen o impedimento de realizar os estudos a tempo completo, segundo o modelo do Anexo IV.

A solicitude dirixiráselle ao órgano de dirección do centro de adscrición do máster, que a trasladará á Comisión Académica do Máster con competencias académicas que resolverá as solicitudes de matrícula de estudos a tempo parcial, podendo ter en conta para os criterios de concesión, entre outros: as

necesidades educativas especiais, traballo, responsabilidades familiares, actividades deportivas de alto nivel, ...

Se a resolución da solicitude de estudos a tempo parcial é favorable á persoa interesada, deberá proceder, no prazo que se lle indique na resolución, a axustar a súa matrícula aos créditos establecidos para esta modalidade de matrícula (entre 18 e 47 ECTS, agás no caso de estudantes aos que lles falten menos de 18 ECTS para rematar os estudos). Transcorrido o prazo outorgado para o axuste da matrícula sen terse realizado, entenderase que renuncia a realizar estudos a tempo parcial, tendo consideración a matrícula como a tempo completo a todos os efectos.

Se a resolución é desfavorable á alumna ou o alumno quedará matriculada ou matriculado a tempo completo ou poderá solicitar anulación total da matrícula no prazo de 10 días a contar desde a notificación da resolución.

A consideración de estudante a tempo parcial deberá renovarse no momento de cada nova matriculación.

Excepcionalmente, respecto ao alumnado que ten que completar os 300 créditos requiridos para o acceso a estudos de doutoramento, permitiráselle a matrícula de menos de 48 créditos, na modalidade de tempo completo, e de menos de 18 créditos, na modalidade de tempo parcial, para os efectos de poder acadar ese mínimo de 300 créditos. Nestes casos o alumnado solicitará a matrícula despois do 3º prazo de preinscrición, naqueles másteres que aínda teñan prazas vacantes.

## I.6 Formalización da matrícula do alumnado matriculado en réxime de formación continua en cursos anteriores e que desexan finalizar os mesmos estudos na modalidade de matrícula ordinaria.

O alumnado nesta situación, unha vez cumpridos os requisitos de acceso e admisión, deberá solicitar no centro de adscrición do máster, antes do 30 de setembro de 2018, o acceso para continuación de estudos na modalidade de matrícula ordinaria do máster no prazo establecido para a matrícula en continuación de estudos. No período establecido, con carácter xeral, solicitará o recoñecemento dos créditos xa realizados na modalidade de formación continua e deberá aboar o 25% do importe das taxas dos créditos recoñecidos. Os créditos non recoñecidos poderá realizalos na modalidade de matrícula ordinaria, nas condicións establecidas con carácter xeral.

## I.7 Matrícula no segundo cuadrimestre

Establécese o prazo indicado para o segundo cuadrimestre no calendario (Anexo I) para matricularse nos másteres con matrícula a tempo parcial que soliciten expresamente a apertura de dito prazo, **antes do 7 de febreiro de 2018,** nos que queden prazas vacantes e en materias que só se imparten no segundo cuadrimestre, exceptuándose as materias que constitúan o proxecto ou traballo fin de Máster. Só poderá matricularse do Traballo Fin de Máster o

alumnado que teña todas as demais materias necesarias para a obtención do título superadas ou matriculadas.

### I.7.1 Matrícula para alumnado que inicie estudos.

O alumnado que inicie estudos deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos nesta resolución.

### I.7.2 Matrícula para alumnado que xa está matriculado en másteres universitarios

O alumnado xa matriculado poderá ampliar a súa matrícula sempre que existan prazas vacantes no Máster no que se matriculou.

## I.8 Simultaneidade de estudos

Non se poderá estar matriculado de xeito simultáneo a tempo completo en máis dun Máster Universitario na Universidade de Vigo. O total de créditos matriculados non pode superar os 78 ECTS por curso académico.

No curso 2017/2018 poderase simultanear a matrícula nun Máster Universitario (ata un máximo de 60 ECTS) coa matrícula nunha das titulacións de primeiro ou segundo ciclo (ata un máximo de 40 créditos) actualmente existentes. Tamén poderase simultanear a matrícula nun Máster Universitario coa matrícula en estudos de grao, ou con outro máster e sempre que o total de créditos matriculados non sexa superior a 78 ECTS, previa solicitude expresa no momento da matrícula, na Secretaría de alumnos/as do centro de adscrición do Máster Universitario.

A matrícula nun programa de doutoramento a tempo completo computará en xeral como 60 ECTS para os efectos de valoración da simultaneidade de estudos nun curso académico. Non obstante, excepcionalmente será de 45 ECTS especificamente para a simultaneidade cos estudos do máster polo que a persoa accedeu ao doutoramento, sempre que lle resten 30 ECTS ou menos para rematar a dita titulación. Esta excepcionalidade só poderá aplicarse durante un curso académico.

En calquera caso, non se poderá estar matriculado de xeito simultáneo en dúas titulacións con límite de prazas.

No caso de incumprimento destes límites tramitarase de oficio a anulación dos créditos excedentarios.

As solicitudes, dirixidas ao reitor, presentaranse polos medios establecidos na normativa de procedemento administrativo. Tramitarase no Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao e resolverase consonte ao disposto na orde ministerial do 28 de setembro de 1984 (BOE do 9 de outubro), na normativa de permanencia e no procedemento que sexa de aplicación na Universidade de Vigo.

## I.9 Cambios, desistimentos e modificacións

Ata as 14’00 horas do 31 de outubro de 2017 o alumnado poderá solicitar a modificación ou anulación da súa matrícula con dereito á devolución de taxas. A partir desta data calquera cambio ou modificación de matrícula con causa debidamente xustificada deberá ser solicitado á Comisión de Organización Académica e Profesorado.

## I.10 Modificación da matrícula:

Enténdese por modificación a ampliación e/ou substitución dunhas materias por outras.

As modificacións estarán sometidas ás limitacións e impedimentos que se establecen na convocatoria de matrícula, nos plans ou programas de estudo, nas normas de permanencia e nas normas de xestión académica.

### I.10.1 Solicitudes de modificación de matrícula

Poderá ampliarse a matrícula en materias de calquera tipo (obrigatorias, optativas).

#### I.10.1.1 Primeiro período de modificación de matrícula

Neste período recollido no Anexo I, poderase modificar a matrícula realizada, en calquera das materias matriculadas. Se, como consecuencia da modificación da matrícula resultara un importe a devolver, procederase á devolución dos prezos públicos.

#### I.10.1.2 Segundo período de modificación de matrícula

Neste período recollido no Anexo I, poderase modificar a matrícula realizada, tan só de materias do segundo cuadrimestre. Se, como consecuencia da modificación da matrícula resultara un importe a devolver, procederase á devolución dos prezos públicos.

### I.10.2 As resolucións de modificacións de matrícula fóra dos prazos establecidos no Anexo I

As solicitudes de modificación de matrícula fóra dos prazos fixados non poderán ser admitidas a trámite polo que serán desestimadas polos decanatos ou direccións dos centros por delegación reitoral. Os recursos interpostos a estas resolucións serán remitidos ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao e serán resoltas pola Comisión de Organización Académica e Profesorado. En ningún caso se autorizarán matrículas de materias con posterioridade ás datas de avaliación das mesmas.

A matrícula fóra de prazo pode supoñer a incorporación con posterioridade ao inicio de actividades xa programadas, polo que, quen se matricule nestas circunstancias é coñecedor de que dita formalización non xera o dereito a repetir as xa realizadas, a excluílas da avaliación, nin a ser avaliado en datas distintas das previstas.

## I.11 Anulación parcial ou total da matrícula:

### I.11.1 Anulación parcial

As solicitudes de anulación parcial de matrícula serán resoltas polos decanatos ou direccións dos centros por delegación reitoral.

A anulación parcial poderase solicitar nos prazos establecidos no Anexo I. As solicitudes presentadas fóra dos prazos establecidos serán desestimadas por extemporáneas, salvo causas de forza maior sobrevidas e debidamente xustificadas.

Os recursos interpostos a estas resolucións serán remitidos ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao .

### I.11.2 Anulación total

As solicitudes de anulación total de matrícula serán remitidas ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao xa que son competencia do Reitor.

A anulación total poderase solicitar nos prazos establecidos no Anexo I. As solicitudes presentadas fóra dos prazos establecidos serán desestimadas por extemporáneas, salvo causas de forza maior sobrevidas e debidamente xustificadas.

### I.11.3 Impedimentos para a concesión de anulación de matrícula

Non procederá en ningún caso, a anulación parcial ou total de matrícula cando xa se concorrera a algunha convocatoria de exames, ou se fixera uso dalgún dos instrumentos de avaliación continua previstos na correspondente memoria de verificación para cada máster.

Non se concederá a anulación total de matrícula cando non estean aboadas as taxas que correspondan, que se indicarán na correspondente resolución reitoral, cando se teña a matrícula arquivada ou cando se autorizase a matrícula fóra dos prazos establecidos segundo indica o Anexo I da presente convocatoria, salvo cando de xeito excepcional, unha circunstancia sobrevida grave debidamente xustificada impida cursar os estudos.

## I.12 Convocatorias adiantadas

Nos últimos cursos académicos véñense producindo situacións de alumnas e alumnos de másteres universitarios aos que lles quedan pendentes para rematar os seus estudos unha ou varias materias do 2º cuadrimestre, con frecuencia o Traballo Fin de Máster entre elas. Pola propia estrutura dos novos estudos estes alumnos non poden volver a examinarse destas materias pendentes ata xuño do curso seguinte, segundo o calendario establecido.

Tamén se produce unha situación similar co alumnado de másteres que rematan o seu plan de estudos no primeiro cuadrimestre, como a maioría dos másteres de 90 ECTS, e non poden examinarse do Traballo Fin de Máster (TFM), cando non foi superado en primeira convocatoria, ata xullo.

### I.12.1 Introdución.

Establécese un procedemento para a solicitude do adianto excepcional de convocatorias de exame de materias do 2º cuadrimestre para alumnas e alumnos que poderían rematar os estudos conducentes a un título de máster universitario, para o curso 2017/2018.

O alumnado de másteres que rematan o seu plan de estudos no primeiro cuadrimestre tamén poderán solicitar o adianto da convocatoria de xullo exclusivamente para examinarse do TFM.

En adiante, as referencias ao "alumnado de másteres de 90 ECTS" entenderanse feitas ao alumnado de másteres que rematan o seu plan de estudos no primeiro cuadrimestre.

### I.12.2 Requisitos.

Poderán solicitar o adianto de convocatoria de exame de materias do 2º cuadrimestre aquel alumnado que estea nalgunha das seguintes situacións:

a) Que teña pendentes ata un máximo de 12 ECTS e para un máximo de 2 materias, asignadas no plan de estudos ao 2º cuadrimestre, excluíndo o TFM. No caso de que tamén lle quede algunha/s asignatura/s pendente/s do 1º cuadrimestre o máximo elevarase a 18 ECTS e tres materias, computando as do 1º cuadrimestre, pero excluíndo o TFM. A superación do conxunto das materias para as que se solicita adianto de exame implicará o remate da titulación.

b) Que teña pendente o Traballo Fin de Máster (TFM), independentemente do número de créditos de que conste, sempre que sexa a única asignatura pendente para acadar a titulación. O alumnado de másteres de 90 ECTS só poderá solicitar a convocatoria adiantada para o TFM.

### I.12.3 Procedemento

#### I.12.3.1 Prazo de solicitudes

O alumnado que cumpra os requisitos poderá entregar a solicitude de adianto de convocatorias, segundo o modelo do Anexo V, **ata o 10 de novembro de 2017**, na secretaría do centro de adscrición do máster, incluíndo o TFM na mesma.

No caso do alumnado de másteres de 90 ECTS **o prazo será ata o 2 de marzo de 2018.**

#### I.12.3.2 Traslado á Comisión Académica do máster

A secretaría do centro de adscrición do máster comprobará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes, e trasladará á Comisión Académica do máster, **ata o 17 de novembro de 2017**, as solicitudes que cumpran os requisitos.

Para o caso do alumnado de másteres de 90 ECTS **este prazo establécese ata o 8 de marzo de 2018.**

### I.12.3.3 Valoración das solicitudes

A Comisión Académica do máster valorará a posibilidade de adiantar as convocatorias do 2º cuadrimestre nas materias nas que existan solicitudes, ou a convocatoria de xullo dos TFM para o alumnado de másteres de 90 ECTS. No primeiro caso, a avaliación producirase en dúas fases: primeiro as materias do 2º cuadrimestre distintas do TFM, e logo, se se cumpren os requisitos establecidos no Regulamento para a realización do TFM, aprobado en Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016, a avaliación do TFM.

### I.12.3.4 Publicación de listados provisionais

A Comisión Académica do máster publicará un listado provisional de materias autorizadas a adiantar a convocatoria do 2º cuadrimestre, e o alumnado autorizado a presentarse a cada unha delas, así como as materias e alumnado non autorizado, con especificación dos motivos da denegación. A data límite para publicar estes listados será **ata o 24 de novembro de 2017**.

Para o caso do alumnado de másteres de 90 ECTS este prazo establécese **ata o 14 de marzo de 2018.**

### I.12.3.5 Prazo de reclamacións

**Ata o 11 de decembro** o alumnado afectado poderá presentar reclamación contra o listado provisional.

Este prazo será **ata o 16 de marzo de 2018** para o alumnado de másteres de 90 ECTS.

### I.12.3.6 Publicación de listados definitivos

A Comisión Académica do máster publicará un listado definitivo de materias autorizadas a adiantar a convocatoria do 2º cuadrimestre, determinando a data prevista para o exame, e o alumnado autorizado a presentarse a cada unha delas, así como as materias e alumnado non autorizado, con especificación dos motivos de denegación. A data límite para publicar estes listados será **ata o 18 de decembro de 2017**. Con ese mesmo prazo achegarase copia electrónica dos mesmos ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (posgrao@uvigo.es) para xestionar a implementación no programa informático.

Para o alumnado de másteres de 90 ECTS este prazo será **ata o 21 de marzo de 2018,** nas mesmas condicións que no parágrafo anterior, non podendo realizarse a avaliación nestes casos antes desta data.

### I.12.4 Prazo de entrega de actas

O prazo de entrega de actas coincidirá co establecido para o primeiro período no calendario escolar para o curso 2017/2018 (2 de febreiro de 2018).

No caso do alumnado de másteres de 90 ECTS o prazo de entrega de actas coincidirá co establecido para o segundo período no calendario escolar para o curso 2017/2018 (8 de xuño de 2018).

### I.12.5 Cómputo de convocatorias

O alumnado que non supere unha ou varias das materias ás que se presente a exame na súa convocatoria adiantada poderá presentarse só aos exames previstos para xullo no calendario escolar para o curso 2017/2018 aprobado no Consello de Goberno do 20 de marzo de 2017.

No caso do alumnado de másteres de 90 ECTS no caso de non superar o TFM xa non poderán presentarse a exame no curso 2017/2018.

# Matrícula nos estudos conducentes ao título de Doutora ou Doutor pola Universidade de Vigo

A presente convocatoria de matrícula afecta ás e aos estudantes que desexen matricularse nun programa de doutoramento regulado polo Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

Segundo o artigo 19 do Regulamento de Estudos de doutoramento, as e os estudantes formalizarán matrícula no período de tutela de tese, logo da comprobación pola Universidade do cumprimento dos requisitos. A matrícula deberá formalizarse durante todos os cursos mentres dure a elaboración da tese. Unha vez realizada a tese, efectuado o seu depósito, e autorizada a súa defensa, a alumna e o alumno procederá a formalizar a matrícula para a lectura da tese na unidade de xestión correspondente de acordo co procedemento establecido no regulamento aplicable, aboando os prezos legalmente establecidos.

## I.13 Requisitos Xerais de Acceso a Programas de Doutoramento

### I.13.1 Programas de Doutoramento regulados polo RD 99/2011 (matrícula por primeira vez)

Para acceder a un programa de doutoramento do R.D. 99/2011, débese cumprir algún dos seguintes requisitos:

**I.13.1.1 Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Máster Universitario, ou equivalente, sempre que se superasen, polo menos, 300 ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.**

**I.13.1.2 Así mesmo poderán acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:**

a) Estar en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso a Máster de acordo co establecido no artigo 16 do RD 1393/2007 e superar un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60 haberán de ser de nivel de Máster.

b) Estar en posesión dun título oficial español de Graduado ou Graduada, cuxa duración, conforme a normas de dereito comunitario, sexa de polo menos 300 créditos ECTS. Os devanditos titulados deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación requiridos polo programa, agás que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de Máster.

c) Os/As titulados/as universitarios/as que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.

d) Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente ao do título oficial español de Máster Universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión o/a interesado/a nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de Doutoramento.

e) Estar en posesión doutro título español de Doutor/Doutora obtido conforme a anteriores ordenacións universitarias.

f) Estar en posesión dun título universitario oficial que obtivera a correspondencia ao nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). Pódense consultar as correspondencias dende a páxina web con información da matrícula de doutoramento http:// posgrao.uvigo.es.

**I.13.1.3 Poderán acceder aos estudos de doutoramento os/as Licenciados/Licenciadas, Arquitectos/Arquitectas ou Enxeñeiros/Enxeñeiras que estivesen en posesión do Diploma de Estudos Avanzados obtido de acordo co disposto no Real Decreto 778/1998, de 30 de abril, ou alcanzasen a suficiencia investigadora regulada no Real Decreto 185/1985, de 23 de xaneiro.**

**I.13.1.4 Poderán acceder aos estudos de doutoramento os/as Licenciados/Licenciadas, Arquitectos/Arquitectas ou Enxeñeiros/Enxeñeiras que estivesen en posesión dun título de máster oficial conforme ao Real Decreto 56/2005 ou do Real Decreto 1393/2007, modificado polo Real Decreto 861/2010 ou teñan superado 60 ECTS de estudos de Máster oficial.**

**I.13.1.5 Tamén poderán acceder os/as Diplomados/Diplomadas, Enxeñeiros Técnicos/Enxeñeiras Técnicas ou Arquitectos Técnicos/Arquitectas Técnicas que acrediten haber superado 300 créditos no conxunto de estudos universitarios**

**oficiais, dos que, polo menos, 60 haberán de ser de nivel de Máster.**

Aos efectos de establecer a equivalencia dos créditos de titulacións españolas LRU con créditos de nivel de máster teranse en conta os seguintes criterios:

a) Para o cómputo dos ECTS dun título universitario oficial español anterior ao RD 1393/2007 considerarase que 1 crédito da anterior regulación, ou no seu defecto, 10 horas presenciais, serán equivalentes a 1 ECTS.
b) En todo caso, un curso académico completo dun título universitario oficial español regulado por unha ordenación anterior ao RD 1393/2007 será considerado equivalente como mínimo a 60 ECTS.
c) Este recoñecemento de 60 ECTS como de nivel de máster referido nas alíneas b), c) e d) só terá validez aos efectos de satisfacer os requisitos de acceso aos estudos de doutoramento da UVIGO, sen que supoña a adquisición de dereito ningún sobre o título de máster universitario.
d) Todo o anterior se entende sen prexuízo do disposto no artigo 16 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo no relativo a requisitos e criterios adicionais de admisión que poida establecer a Comisión Académica dun Programa de Doutoramento concreto, así como, se é o caso, o establecemento de complementos de formación específicos, tal e como se recolle no artigo 7 do RD 99/2011. Para a configuración no plan de estudos do programa destes complementos de formación se seguirá o procedemento establecido no Anexo XII.

## I.14 Requisitos de Admisión

### I.14.1 Admisión en Programas de Doutoramento regulamentados polo RD 99/2011

Para ser admitida ou admitido nun **Programa de Doutoramento regulamentado polo RD 99/2011**, deberanse cumprir os requisitos xerais de acceso (ver Anexo XI) e adscribir a súa solicitude a unha liña de investigación das contempladas no programa de doutoramento elixido.

Na memoria de verificación e na oferta dos programas poderán establecerse requisitos e criterios adicionais para a selección e admisión de estudantes.

No caso de que o alumnado careza da formación previa completa esixida no programa, a admisión poderá quedar condicionada á superación de complementos de formación específicos.

De ser o caso, a Comisión Académica do Programa de Doutoramento indicará, xunto coa admisión de cada alumno/alumna, os complementos de formación que deben cursar, ata un máximo de 15 ECTS. Así mesmo, trasladará ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, despois da publicación dos listados definitivos de admitidos/admitidas, a notificación de ditos complementos de formación para que sexan configurados no plan de estudos correspondente.

A realización destes complementos será previa ou simultánea á matrícula en tutela académica no programa. No caso de realización simultánea o

alumnado deberá matricularse destes complementos no momento de formalizar a matrícula de tutela académica do programa. No caso de ser previa só se matriculará destes complementos e non se asinará o compromiso documental nin se abrirá o Documento de Actividades establecidos no RD 99/2011 ata a súa superación.

Os complementos de formación deberán superarse no prazo máximo de tres cuadrimestres consecutivos. De non facelo así, o alumnado causará baixa no programa.

Os devanditos complementos de formación específica poderán ser de materias ou módulos de máster e grao e terán, a efectos de prezos públicos e de concesión de bolsas e axudas ao estudo, a consideración de formación de nivel de doutoramento. No caso de realizarse con carácter previo o seu desenvolvemento non computará a efectos do límite temporal establecido para a realización da tese. Estes créditos non computarán aos efectos dos requisitos ordinarios de acceso ao programa de doutoramento.

A matrícula nestes complementos de formación realizarase directamente na secretaría do centro de adscrición do programa do 1 ao 9 de outubro de 2017.

## I.15 Extinción de Programas e Incorporación aos novos Doutoramentos regulados polo RD 99/2011.

O alumnado que estivese matriculado en cursos académicos anteriores en período de tutela de tese nos programas de doutoramento do R.D. 1393/2007 pode ter solicitado a admisión nun programa de doutoramento regulado polo RD 99/2011 e continuar os seus estudos polas novas titulacións, sempre que reúna os requisitos de acceso e admisión establecidos para os novos programas. Os expedientes serán trasladados e o alumnado titulado polo RD 99/2011.

- Este alumnado deberá presentar, xunto coa documentación da matrícula, o modelo de solicitude de traslado do proxecto de tese, TC-30.

## I.16 Procedemento e formalización de matrícula

A admisión no Programa de Doutoramento non terá validez no caso de non formalizar a matrícula dentro dos prazos establecidos pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento de acordo co calendario vixente, aprobado na súa sesión do 24 de marzo de 2017.

O estudantado de doutoramento que fose admitido nun programa de doutoramento, deberá formalizar unha matrícula cada curso académico e aboar as taxas de Renovación de Tutela de Tese ata a súa admisión a trámite para a defensa, mantendo a vinculación académica coa Universidade de Vigo e o dereito de uso dos servizos da mesma.

A efectos de xestión académica, enténdese que o calendario académico dos programas de doutoramento comeza o 1 de outubro dun ano e remata o 30 de

setembro do ano seguinte. No caso de que o alumnado solicitara a admisión a trámite da súa tese antes de que finalice o período de matrícula non deberá aboar o importe da matrícula en tutela de tese.

## I.16.1 Programas de Doutoramento regulados polo RD 99/2011

### I.16.1.1 Preinscrición

As e os aspirantes deberán cubrir a solicitude de preinscrición na plataforma informática de xestión académica nos prazos establecidos no calendario (Anexo IX). A información relativa á documentación solicitada por cada programa de doutoramento estará dispoñible nas secretarías de estudantes dos centros de adscrición dos Programas de Doutoramento (Anexo X) e no enderezo http://posgrao.uvigo.es. Toda a documentación achegarase en formato electrónico á secretaría do centro de adscrición.

Na solicitude o estudantado deberá engadir un enderezo de correo electrónico, que será o medio preferente utilizado pola universidade para enviar as comunicacións e notificacións que se derivaren deste proceso.

Non obstante, poderá presentarse a solicitude (a plataforma xera un documento PDF de solicitude) e a documentación en soporte papel nos Rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera procedemento establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Respecto ao alumnado que continúe estudos no mesmo Programa de Doutoramento, habilítase un prazo **entre o 10 e o 21 de xullo de 2017** para que os coordinadores de cada programa de doutoramento presenten á Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento a relación motivada de alumnos/alumnas que propoñan para a súa baixa definitiva no programa. O resto do alumnado poderá matricularse directamente no período de matrícula establecido no calendario de preinscrición e matrícula para estudos de posgrao no curso 2017/2018.

### I.16.1.2 Admisión

Finalizado o prazo de presentación de preinscricións, a Comisión Académica do Programa de Doutoramento publicará unha relación provisional de aspirantes admitidas ou admitidos e excluídas ou excluídos, con indicación das causas de exclusión, que será publicada no taboleiro de anuncios das secretarías de estudantes dos centros de adscrición dos Programas de Doutoramento (Anexo X). Dita relación provisional establecerá, de ser o caso, os complementos de formación que debería realizar o alumno ou alumna. A configuración destes complementos no plan de estudos do programa de doutoramento seguirá o procedemento establecido no Anexo XII.

Con posterioridade abrirase un prazo de presentación de reclamacións á relación provisional de admitidas ou admitidos. Resoltas as reclamacións, publicarase nos mesmos taboleiros a relación definitiva de aspirantes

admitidas ou admitidos e as aspirantes excluídas ou excluídos, con indicación da persoa designada como titor.

As e os aspirantes que foran admitidas ou admitidos, poderán formalizar a matrícula nos prazos e forma establecidos nesta norma.

### I.16.1.3 Formalización da matrícula

As e os solicitantes admitidas ou admitidos cubrirán o formulario de matrícula a través da plataforma informática de xestión académica. A documentación deberá presentarse na secretaría de estudantes do centro de adscrición do Programa de Doutoramento (Anexo X) desde a formalización da matrícula ata os 10 días seguintes ao remate de cada período de matrícula dos establecidos no calendario (Anexo IX), salvo que xa fora presentada na fase de preinscrición.

O incumprimento deste prazo levará consigo o paso da matrícula á situación de "arquivada por falta de documentación".

A documentación necesaria é:

- Resgardo do pagamento da matrícula.
- Xustificación da exención de taxas, se fora o caso.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte, salvo para estudantes da Universidade de Vigo.
- (I) Fotocopia compulsada dos títulos de Máster e Grao Universitario, (II) certificado conforme se está en posesión do Diploma de Estudos Avanzados ou da suficiencia investigadora, ou (III) Documentación xustificativa de atoparse nalgunha das outras situacións de acceso previstas no apartado II.1.1.2. No caso de estudantes da Universidade de Vigo non será necesario presentar estes documentos.
- Para a cota de alumnado con discapacidade deberá presentarse xustificante oficial que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Para o suposto contemplado no apartado d do artigo II.1.1.2:
  - a) Solicitude de equivalencia do título (TC-03)
  - b) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte.
  - c) Fotocopia do Título Universitario estranxeiro
  - d) Certificación académica dos estudos universitarios cursados conducentes ao título presentado.
  - e) Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento *online* establecido polo MECD no enderezo web:

http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html

e) Plan de estudos
f) No caso de que a Comisión Académica así o determine poderá solicitarse tamén o programa das diferentes materias aos efectos de comprobar os seus contidos e carga lectiva.
g) Foto tamaño carné, se desexa posuír o carné de estudante.

En calquera caso, a copia debidamente legalizada e/ou traducida da documentación deberá entregarse na secretaría do centro de adscrición dos estudos de posgrao **antes do 15 de novembro de 2017**.

O alumnado deberá aboar as taxas establecidas para a tramitación da súa solicitude e realizar a matrícula nos prazos que, con carácter xeral, se determinan nesta convocatoria de matrícula.

O alumnado que presente titulación académica nun idioma distinto do galego ou castelán, deberá acompañala da correspondente tradución xurada. En tales casos a certificación indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima para aprobar.

Os documentos c), d) e e) deben estar legalizados por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España e co Visto e prace do Ministerio de Asuntos Exteriores de España (R/José Abascal, 41, Madrid); os documentos cuñados coa “apostilla” (Convención da Haya) non precisan outra legalización diplomática ou consular.

#### I.16.1.4 Asignación de Director/Directora da Tese

En canto aos prazos e requisitos para o nomeamento do Director/Directora da Tese de Doutoramento estarase ao establecido no Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.

#### I.16.1.5 Formación cuberta pola matrícula en Tutela de Tese

A matrícula en tutela de tese nos programas de doutoramento regulados polo RD 99/2011 cubre os cursos, seminarios e actividades de carácter obrigatorio establecidos na memoria verificada do programa.

#### I.16.1.6 Cota para estranxeiros/estranxeiras

En virtude dos compromisos que se establezan coas outras universidades participantes en cada programa podería

establecerse unha cota específica para estudantes con títulos universitarios de países alleos ao EEES.

#### I.16.1.7 Cota para alumnado con discapacidade

Establécese para todos os programas de doutoramento unha cota do 5% das prazas totais para os e as estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e reúnan os requisitos de acceso e admisión establecidos para cada programa. Os criterios de adxudicación serán os establecidos con carácter xeral para cada programa de doutoramento, e en ausencia dos mesmos o criterio será a nota obtida nos estudos que lles dean acceso. As prazas obxecto de reserva que queden por cubrir acumularanse ás ofertadas polo réxime xeral.O alumnado que queira acceder por esta cota deberá realizar a preinscrición nos prazos establecidos, e indicará na mesma a condición de discapacitado. Deberá entregar na secretaría do seu centro de adscrición a seguinte documentación, ademáis da que lle correspondera para a realización da súa matrícula:

- Copia do xustificante oficial que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

- Co fin de dispoñer dos datos necesarios para dar apoio e facilitar os servizos e recursos específicos aportará o impreso PIUNE que pode atopar no apartado de matrícula na web posgrao.uvigo.es.

#### I.16.1.8 Baixas temporais

O alumnado ao que lle sexa autorizada a baixa temporal no seu programa de doutoramento, unha vez iniciado o curso académico non terán dereito á devolución das taxas aboadas en concepto de tutela académica nese curso.

No caso de que a alta se produza unha vez iniciado o curso académico o alumnado deberá aboar as taxas de tutela académica correspondentes a ese curso.

#### I.16.1.9 Data de efectos da matrícula

A data de efectos da matrícula, aos efectos do cómputo de prazos máximos e mínimos para a presentación da tese de doutoramento será o 1 de outubro de 2017. No caso de primeira matrícula na convocatoria de febreiro, será o 28 de febreiro de 2018.

#### I.16.1.10 Matrícula fóra de prazo

No caso de que se autorice a matrícula fóra de prazo, o alumnado deberá adaptarse aos prazos de entrega dos diferentes documentos requiridos no Regulamento de Estudos de Doutoramento, que se apliquen ao alumnado matriculados en prazo.

A matrícula fóra de prazo pode supoñer a incorporación con posterioridade ao inicio de actividades xa programadas, polo que, quen se matricule nestas circunstancias é coñecedor de que dita formalización non xera o dereito a repetir as xa realizadas, a excluílas da avaliación, nin a ser avaliado en datas distintas das previstas.

#### I.16.1.11 Procedemento para a tramitación de solicitudes de recoñecemento de actividades realizadas ao abeiro de resolucións anteriores ao RD 99/2011, ou noutras universidades.

No Anexo XIII establécense os prazos e o procedemento para tramitar estas solicitudes no curso 2017/2018.

## I.17 Cambios, desistencia e modificacións

**Ata o 24 de novembro de 2017** o alumnado poderá modificar ou anular a súa matrícula con dereito á devolución de taxas, sempre que conte coa autorización da Comisión Académica do Programa de Doutoramento. A partir desta data calquera cambio ou modificación de matrícula con causa debidamente xustificada deberá ser solicitado á Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento con informe previo favorable do órgano responsable do programa de doutoramento.

## I.18 Estudantes estranxeiros/estranxeiras

Quedan eximidos de axustarse ao calendario establecido nestas normas, as e os aspirantes estranxeiras e estranxeiros que para tramitar o correspondente permiso de entrada ou estancia no estado español necesiten presentar ante a autoridade competente o certificado de matrícula na Universidade de Vigo. Poderán formalizar os trámites administrativos descritos nesta norma no momento que sexa preciso previa presentación de escrito razoado da necesidade e Visto e Prace do órgano responsable do programa de doutoramento.

Os e as estudantes estranxeiros e estranxeiras de programas de intercambio terán dereito ao seguimento e certificación daquelas materias que figuren no seu contrato de estudos de intercambio, pero non á obtención do título do

máster ou programa de doutoramento no que desenvolvan o seu programa de intercambio.

No Anexo XIV establécese o procedemento de admisión en estudos de posgrao, para estudantes estranxeiros/estranxeiras que requiran un documento formal de admisión para realizar trámites no seu país de orixe, que lle permitan matricularse no curso 2018/2019.

## I.19 Matrícula no segundo cuadrimestre

Os alumnos e as alumnas que opten por matricularse nos prazos establecidos para o segundo cuadrimestre poderán presentar a documentación xustificativa da súa titulación de acceso **ata o 27 de febreiro de 2018**, quedando eximidos de cumprir dito requisito no remate do prazo de preinscrición.

## I.20 Solicitude de prórroga

No terceiro curso académico de matrícula, para alumnado a tempo completo, ou no quinto curso, para alumnado a tempo parcial, poderán solicitarse as prórrogas na data límite para a presentación da tese, establecidas no Regulamento de Estudos de Doutoramento.

O alumnado que, na situación descrita no parágrafo anterior, non estea en disposición de presentar a súa solicitude de depósito da tese de doutoramento dentro dos prazos máximos establecidos, poderá presentar unha solicitude motivada de prórroga. O prazo de solicitude será entre o 2 e o 16 de abril de 2018, e o resto de prazos e condicións establecerase nun procedemento específico que se publicará antes do 15 de marzo de 2018.

Dita solicitude deberá ter o visto e prace do/da seu/súa director/directora ou directores/directoras. A Comisión Académica do Programa de Doutoramento poderá autorizar a solicitude de prórroga por un ano, para alumnado a tempo completo, e por dous anos, para alumnado a tempo parcial. No caso de denegar a prórroga a resolución será motivada. Trasladarase unha copia da resolución á secretaría do centro de adscrición para a modificación do expediente do/da alumno/alumna no programa informático.

## I.21 Matrícula nas actividades formativas propias dos programas de doutoramento

Establécense dous prazos de matrícula nestas actividades formativas; do 16 ao 20 de outubro, para o primeiro cuadrimestre, e do 5 ao 9 de marzo, para o segundo cuadrimestre.

A preinscrición e matrícula realizarase a través da Secretaría Virtual de cada estudante nos prazos indicados. As actividades formativas só poderán ofertarse cando teñan definidos os días concretos de celebración.

# Normas comúns á matrícula en estudos de posgrao

## I.22 Estados e efectos da matrícula:

### I.22.1 Estados da matrícula

A matrícula formalizada poderá quedar nun dos seguintes estados:

- **Activa.**. No momento da formalización atópase activa e outorgará plenos dereitos. O seu estado non cambiará cando estea comprobado que se reúnen os requisitos de acceso aos estudos e estea efectuado o pagamento dos prezos públicos.

- **Arquivada.** Nesta situación estarase dende o momento no que conste que o pagamento da totalidade ou parte dos prezos públicos non se realizara, ou cando pasado o prazo de entrega de documentación, se estea pendente de aportar algún documento necesario dos indicados no Anexo II. Este estado supón a limitación de dereitos tales como o acceso ao expediente, a expedición de certificacións e títulos, a tramitación de solicitudes de matrícula fóra de prazo, de anulación e de modificación de matrícula, de traslados, de formalización de matrículas en cursos posteriores ou calquera outra relacionada co expediente académico. Unha vez emendado o motivo que deu lugar a esa situación, terase dereito a que se active de novo o expediente.

- **Anulada.** Cando se solicite no prazo establecido a anulación da matrícula, se se dan as circunstancias establecidas na normativa e nesta convocatoria. Neste caso para conceder á anulación, deberase abоar o importe correspondente. Tamén procederá a anulación cando se realice de oficio por parte da universidade.

## I.23 Dereitos e deberes

Sen prexuízo de calquera outro dereito ou obrigas legalmente establecidas, a matrícula realizada de acordo coas presentes normas supón:

a) O dereito de asistencia ás clases teóricas e prácticas de cada materia e a ser avaliado, así como o deber de asistencia e realización das actividades formativas que se establezan na programación docente de conformidade cos estatutos da Universidade de Vigo e a normativa de desenvolvemento.

b) O dereito a concorrer no curso ás convocatorias de exame que se determinen de acordo cos calendarios fixados polos centros.

c) O dereito ao exame e avaliación correspondentes das materias matriculadas quedará limitado polas incompatibilidades académicas ou prerrequisitos derivados dos programas de estudos establecidos para este efecto.

d) O dereito á obtención da correspondente tarxeta universitaria de identificación (TUI) que lle permite o acceso aos servizos e instalacións da Universidade de Vigo.

e) O dereito a participar na vida académica de acordo co establecido nos estatutos da Universidade de Vigo.

f) O deber de efectuar o pagamento dos prezos públicos nos prazos establecidos, agás que se teña dereito a exención.

## I.24 Incompatibilidades académicas e horarias

A matrícula formalizada entenderase feita sen prexuízo das posibles incompatibilidades cos horarios de clases e exames determinadas polos centros para cada titulación de acordo coas necesidades dos seus programas de estudo e estará condicionada pola ordenación temporal dos estudos, prelacións, prerrequisitos e aquelas obrigas académicas establecidas no correspondente plan de estudos.

No caso de detectarse algún tipo de incompatibilidade ou incumprimento da normativa, comunicaráselle á persoa afectada co fin de emendar dita anomalía.

En calquera caso, o exercicio do dereito de matrícula establecido nas presentes normas non obrigará á modificación do réxime de horarios xerais ou datas de exames determinados en cada centro, de acordo coas necesidades da súa planificación.

Non se poderá volver a formalizar matrícula para realizar exames ordinarios ou extraordinarios en materias de cursos totalmente extinguidos.

Quen se adapta a un novo plan de estudos non poderá, en ningún caso, matricularse de materias do plan de procedencia.

## I.25 Prezos públicos, modalidades e formas de pagamento, conciliacións, impagados e devolucións de importes

### I.25.1 Prezos públicos

As matrículas formalizadas na Universidade de Vigo, en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, tanto para inicio como para continuación de estudos, reportan os prezos que estableza para cada curso académico o decreto de prezos públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A obriga ao pagamento dos prezos públicos nace no momento da formalización da matrícula. Co obxecto de facilitar a liquidación dos importes resultantes, poderá elixirse entre as modalidades, formas e prazos establecidos. O feito de non aboar os prezos públicos de obrigado pagamento non implica a anulación

automática da matrícula e suporá a desestimación de peticións tales como a anulación total, modificación ou calquera outra relativa ao expediente.

Quen solicite anulación total de matrícula aboará os importes por servizos administrativos na xestión académica aprobados polo Consello de Goberno e ratificados polo Consello Social da Universidade de Vigo.

Quen se matricule na Universidade de Vigo estará obrigado a liquidar os importes correspondentes segundo a modalidade e forma de pagamento escollida no momento de facer a súa matrícula.

### I.25.1.1 Prezos por servizos académicos

Aos prezos por servizos académicos poderán aplicárselle as exencións, axudas, subvencións e bonificacións establecidas.. No caso de ter varias causas de exención aconséllase indicalas e xustificalas todas.

O pagamento do importe resultante por servizos académicos só poderá demorarse, no suposto de pagamento fraccionado ou cando na formalización da matrícula se indique que se é solicitante de bolsa de estudo do MECD ou do País Vasco ou da subvención para o persoal das universidades públicas galegas e se estea pendente da súa revisión.

Unha vez revisada a solicitude de bolsa por parte da universidade e sempre que a resolución anual da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan as bolsas de carácter xeral e de mobilidade para estudantes de ensinanzas universitarias, así o indique, poderáselle requirir de xeito preventivo o aboamento dos prezos públicos por servizos académicos, a quen non cumpra os requisitos establecidos na referida convocatoria.

### I.25.1.2 Prezos por servizos administrativos

Ao importe resultante da matrícula por servizos administrativos non se lle aplicará ningún tipo de exención, redución, subvención ou bonificación.

Este importe non poderá demorarse aínda que se solicite bolsa de estudos e a súa totalidade aboarase ben nun único prazo cando se elixa o pagamento íntegro ou no primeiro prazo de matrícula cando se elixa o pagamento fraccionado.

Os servizos administrativos relativos á matrícula poden ser:

#### *I.25.1.2.1 Apertura de expediente*

Aboará os prezos por este concepto quen inicie estudos nun novo plan de estudos, independentemente da forma de acceso. Igualmente reportará estes prezos públicos quen traslade o seu expediente doutra universidade para continuar os mesmos ou outros estudos na Universidade de Vigo.

#### *I.25.1.2.2 Expedición e mantemento da tarxeta de identidade*

Este importe aboarase cada ano conxuntamente coa matrícula en concepto de expedición e mantemento, calquera que sexa a titulación ou titulacións das que se matricule o alumnado.

#### *I.25.1.2.3 Soporte e documentación da matrícula*

Está obrigado ao seu pagamento quen formalice matrícula na Universidade de Vigo, independentemente da titulación e na contía que corresponda.

#### *I.25.1.2.4 Seguro escolar*

Toda persoa menor de 28 anos que curse estudos oficiais, está obrigada ao pagamento do seguro escolar. Este seguro aboarase unha soa vez por curso académico, independentemente das titulacións que se cursen. Ademais poderase subscribir un seguro complementario e voluntario de accidentes. A información relativa a este seguro está dispoñible na web http://www.uvigo.es/uvigo_gl/vida/informacion/seguro/

### I.25.1.3 Outros importes de xestión académica

Poderanse aplicar importes para procedementos relacionados coa xestión académica, cando sexan aprobados polo Consello e ratificados polo Consello Social da Universidade de Vigo.

## I.25.2 Modalidades e formas de pagamento dos prezos públicos

### I.25.2.1 Modalidades de pagamento

#### *I.25.2.1.1 Íntegro*

No momento da formalización da matrícula, poderase optar polo pagamento íntegro. Este importe poderá aboarse en efectivo, mediante domiciliación bancaria ou con tarxeta, segundo os prazos indicados na folla de liquidación.

No caso de facer unha modificación de matrícula o importe resultante a ingresar á universidade aboarase segundo a opción elixida no momento da matrícula, segundo os prazos indicados.

Prazos do pagamento domiciliado:

- Cargarase o 100% dos prezos públicos da seguinte maneira:
  - O 6 de outubro para matrículas realizadas do 12 de xullo ao 21 de setembro
  - O 6 de novembro para matrículas realizadas do 22 de setembro ao 21 de outubro
  - O 6 de decembro para matrículas realizadas do 22 de outubro ao 21 de novembro
  - O 6 de xaneiro para matrículas realizadas do 22 de novembro ao 21 de decembro
  - O 6 de febreiro para matrículas realizadas do 22 de decembro ao 21 de xaneiro

- O 6 de marzo para matrículas realizadas do 22 de xaneiro ao 21 de febreiro

#### *I.25.2.1.2 Fraccionado*

O pagamento fraccionado deberá facerse por domiciliación bancaria en calquera entidade e NON será preciso acudir ao banco a realizar ningún aboamento. No caso de que o cargo veña rexeitado pola entidade, no momento que se inicie o proceso de impagados, deberase acudir ao centro de estudos onde se emitirá unha carta de pagamento na que se aplicará unha penalización e que se deberá aboar en efectivo na entidade bancaria.

Dependendo da data na que se formalice, ou modifique, a matrícula os prazos axustaranse en función do número de prazos restantes segundo se indica a continuación.

Non é posible fraccionar o pagamento da taxa establecida para a matrícula en tutela de tese dun programa de doutoramento.

Fraccionado: (A quen se matricule a partir do 22 de setembro distribuiráselle o importe no número de prazos restantes)

- Para matrículas realizadas do 12 de xullo ao 21 de setembro:
  - O primeiro, (25% dos servizos académicos) o 6 de outubro
  - O segundo, (15% dos servizos académicos) o 6 de novembro
  - O terceiro, (15% dos servizos académicos) o 6 de decembro
  - O cuarto, (15% dos servizos académicos) o 6 de xaneiro
  - O quinto, (15% dos servizos académicos) o 6 de febreiro
  - O sexto, (15% dos servizos académicos) o 6 de marzo
- Para matrículas realizadas do 22 de setembro ao 21 de outubro:
  - O primeiro, (40% dos servizos académicos) o 6 de novembro
  - O terceiro, (15% dos servizos académicos) o 6 de decembro
  - O cuarto, (15% dos servizos académicos) o 6 de xaneiro
  - O quinto, (15% dos servizos académicos) o 6 de febreiro
  - O sexto, (15% dos servizos académicos) o 6 de marzo
- Para matrículas realizadas do 22 de outubro ao 21 de novembro:
  - O primeiro, (55% dos servizos académicos) o 6 de decembro
  - O cuarto, (15% dos servizos académicos) o 6 de xaneiro
  - O quinto, (15% dos servizos académicos) o 6 de febreiro
  - O sexto, (15% dos servizos académicos) o 6 de marzo
- Para matrículas realizadas do 22 de novembro ao 21 de decembro:
  - O primeiro, (70% dos servizos académicos) o 6 de xaneiro
  - O quinto, (15% dos servizos académicos) o 6 de febreiro
  - O sexto, (15% dos servizos académicos) o 6 de marzo
- Para matrículas realizadas do 22 de decembro ao 21 de xaneiro
  - O primeiro, (85% dos servizos académicos) o 6 de febreiro
  - O sexto, (15% dos servizos académicos) o 6 de marzo

### I.25.2.2 Formas de pagamento

As formas de pagamento dos prezos públicos universitarios son: en efectivo, mediante domiciliación bancaria e con tarxeta.

#### *I.25.2.2.1 Pagamento en efectivo*

O importe a ingresar resultante da formalización da matrícula ou dunha modificación de matrícula é obrigatorio aboalo no período indicado na folla de liquidación e deberá realizarse nalgunha das entidades bancarias colaboradoras coa Universidade de Vigo, isto é, Abanca, Banco Santander, Caixabank ou calquera outra coa que se estableza convenio. De non facelo aplicarase o indicado no procedemento relativo á falta de pagamento dos prezos públicos.

#### *I.25.2.2.2 Pagamento mediante domiciliación bancaria*

Quen elixa esta forma de pagamento deberá indicar, na automatrícula a través da secretaría virtual, a conta bancaria e os datos completos do titular da mesma. Se os datos facilitados están incompletos, son incorrectos ou se o titular da conta non é a mesma persoa que o debedor, poderá dar lugar ao rexeitamento por parte da entidade bancaria e nese caso aplicarase o indicado no procedemento relativo á falta de pago dos prezos públicos. Aínda que é obrigatorio presentar, a orde de domiciliación de cargo directo, SEPA, asinado polo titular da domiciliación (como o que figura no Anexo X), a universidade remitirá o cargo á conta bancaria indicada no momento da formalización da matrícula mesmo no caso de non ter no seu poder dito documento.

Quen se matricule na unidade administrativa do seu centro de estudos, deberá presentar o documento de autorización nese momento ou en caso contrario non poderá elixir esta forma de pagamento.

Se unha vez finalizado o prazo ordinario de matrícula se desexa modificar a información bancaria, será obrigatorio facilitar os novos datos ao Servizo de Alumnado que xerará e facilitará a nova orde de domiciliación de cargo directo, SEPA, que deberá ser asinada polo titular da conta e entregada na unidade administrativa do centro de estudos.

#### *I.25.2.2.3 Pagamento con tarxeta*

A aplicación informática permitirá seleccionar esta opción. É necesario seguir con atención o proceso ata o final, indicando o número de tarxeta e comprobando que o pagamento foi realizado correctamente. De non completar ben o proceso aplicarase o indicado no procedemento relativo a falta de pago dos prezos públicos.

#### *I.25.2.2.4 Pagamento dos importes resultantes dunha modificación de matrícula*

Quen escolla o pagamento en efectivo deberá realizalo no prazo indicado na folla de liquidación.

A quen opte polo pagamento domiciliado cargaráselle o importe resultante:

- a partir das datas establecidas para cada prazo no apartado III.4.2.1.2. para as realizadas no primeiro período de modificacións
- a partir do 20 de febreiro para as realizadas no segundo período de modificacións

### I.25.3 Cambio nas modalidades e formas de pagamento

Quen, unha vez formalizada a matrícula e escollida unha modalidade e forma de pagamento, queira facer cambios na súa elección, deberá saber que isto só será posible nos seguintes casos:

- Cando a forma de pagamento é en efectivo ou con tarxeta e a folla de liquidación se atopa vixente, se a persoa interesada declara por escrito no momento de efectuar a solicitude de cambio que non realizou ese pagamento.
- Cando a forma de pagamento é mediante domiciliación bancaria e non estivese xa “enviado ao cobro” ou “devolto”.

Quen elixira como forma de pagamento a domiciliación bancaria e necesite ter os prezos públicos aboados e conciliados con urxencia poderá solicitar o cambio a efectivo ou tarxeta ao correo electrónico prezospublicos@uvigo.es. A folla de liquidación polo importe resultante estará dispoñible na secretaría virtual.

### I.25.4 Conciliación dos pagamentos relativos á matrícula

A conciliación dunha liquidación relativa á matrícula ou calquera outro importe de prezos públicos realizarase de xeito automático entre a entidade bancaria colaboradora e a Universidade de Vigo **e en ningún caso poderá verse reflectida no mesmo día no que se fai o pagamento na entidade bancaria**. É moi importante ter en conta que as datas de conciliación varían segundo a forma de pagamento elixida:

- en efectivo tardan entre 2 e 4 días en estar conciliados
- con tarxeta, de xeito xeral, atópanse conciliados ao día seguinte de realizar o pagamento
- mediante domiciliación bancaria non se confirman ata pasadas 8 semanas contadas a partir do día seguinte á data de cargo indicada.

Quen teña previsto rematar os seus estudos nas convocatorias de fin de carreira, decembro, ao remate do primeiro cuadrimestre ou convocatoria adiantada e se acolla á forma de pagamento mediante domiciliación bancaria, deberá saber que a solicitude de expedición do seu título poderá verse retrasada, polo que se recomenda que elixa como forma de pagamento da matrícula, efectivo ou tarxeta.

De xeito xeral, non é preciso presentar ningún xustificante de pagamento da matrícula, agás que por non constar na aplicación informática a conciliación do pagamento, este sexa requirido.

### I.25.5 Estado dos pagamentos

A verificación do estado de cada un dos pagamentos realizados pódese facer a través da secretaría virtual no apartado “ver conta”.

### I.25.6 Falta de pagamento dos prezos públicos

No caso de que os prezos públicos non sexan aboados dentro do prazo indicado segundo a forma de pagamento elixida ou cando os recibos domiciliados resulten rexeitados pola entidade bancaria:

- Deberase acudir ao centro de estudos onde se emitirá unha carta de pagamento en efectivo.
- Aboarase a penalización aprobada polo Consello de Goberno e ratificada polo Consello Social da Universidade de Vigo.
- Dará lugar á suspensión temporal dos dereitos como estudante e, no seu caso, ao arquivo da matrícula e dos efectos que esta producise, sen dereito a ningún reintegro. Este arquivo farase de maneira cautelar no momento no que conste a falta de pagamento dos prezos públicos ou calquera dos seus fraccionamentos, polo procedemento que a universidade ten establecido para a emenda da falta de pagamento.
- Poderá comportar a esixencia dos importes correspondentes polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, consonte a normativa vixente.
- Deberase acudir ao centro de estudos onde se emitirá unha carta de pagamento en efectivo ou con tarxeta.

A suspensión temporal de dereitos non afecta ao réxime de permanencia, nin impedirá concorrer ás probas de avaliación de acordo cos calendarios fixados polos centros.

A Universidade de Vigo esixirá como condición previa de matrícula, de modificación, de resolución de peticións de anulación total e calquera outra relativa ao expediente, de expedición de títulos, de emisión de certificacións, de xestión de traslados e de acceso á secretaría virtual para calquera consulta ou tramitación, o pagamento das cantidades pendentes por matrículas de ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais de cursos académicos anteriores e simultáneos.

### I.25.7 Devolución dos prezos públicos por parte da universidade

A Universidade de Vigo devolverá, de ser o caso, os importes resultantes de anulación total de matrícula, anulación parcial, modificación e recoñecemento a partir do día un do mes seguinte ao que se realicen os cambios, sempre que na aplicación informática conste como conciliada a cantidade que corresponda a devolver, polo que hai que ter en conta o indicado no apartado III.4.3 sobre o tempo de conciliación de liquidacións.

Quen estea pendente dunha devolución por parte da universidade e non aboara o importe da matrícula mediante domiciliación bancaria, deberá facilitar á universidade os datos bancarios para que se poida proceder á mesma.

## I.26 Exencións, axudas, subvencións e bonificacións

### I.26.1 Tipos

A continuación indícanse as exencións, axudas, subvencións e bonificacións de prezos públicos que aplican na Universidade de Vigo para o alumnado que se matricule en titulacións oficiais, sempre que cumpra os requisitos para cada caso. Para que se poida aplicar o desconto haberá que marcalo no correspondente período de matrícula e en caso contrario, unha vez rematado o prazo ordinario de matrícula, procederase segundo o indicado a continuación para cada caso:

#### I.26.1.1 Exencións

As exencións do pagamento de prezos públicos por servizos académicos en titulacións universitarias oficiais son as recollidas no decreto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para cada curso académico.

Estará exento, total ou parcialmente, quen demostre estar nalgún dos casos recoñecidos legalmente segundo o recollido no apartado de exencións no mencionado decreto. A condición indicada deberá cumprirse e a documentación, que se presentará nos prazos establecidos, deberá estar en vigor no momento da formalización da matrícula.

Quen non indicara a exención no momento da formalización da matrícula ou lle fora eliminada por non presentar a documentación en prazo e considere que podería ter dereito a ela, poderá dirixir unha solicitude ao Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos e aportar copia cotexada da documentación acreditativa correspondente, de ser o caso.

#### I.26.1.2 Axudas e subvencións

##### *I.26.1.2.1 Solicitantes de bolsas MECD ou do País Vasco*

O alumnado que resulte beneficiario dunha bolsa MECD ou do País Vasco non estará obrigado ao pagamento dos prezos públicos polos servizos académicos, coas excepcións que estableza a convocatoria de bolsas para o ano académico no que se realiza a matrícula.

Quen na súa matrícula non indicase que é solicitante de bolsa, aínda que a teña solicitado polos medios e prazos establecidos, deberá esperar ata a resolución da súa solicitude para que se lle poida aplicar o desconto.

##### *I.26.1.2.2 Persoal das universidades públicas galegas*

O alumnado que cumpra as bases reguladas na convocatoria de axudas e subvencións para o persoal das universidades públicas galegas que se matricule en estudos oficiais na Universidade de Vigo no presente curso académico, deberá proceder segundo o establecido na resolución reitoral do 29 de maio de 2017 a través da secretaría virtual. A condición deberá cumprirse no momento da formalización da matrícula.

#### I.26.1.3 Bonificacións

##### *I.26.1.3.1 Por obtención de matrícula de honra*

Aplicaranse as bonificacións de acordo co regulado no decreto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. En caso de anulación total da matrícula poderá, previa solicitude, utilizarse esta bonificación na seguinte matrícula.

Para o alumnado que continúe a cursar estudos na Universidade de Vigo as bonificacións dunha ou varias matrículas de honra faranse efectivas na matrícula do curso académico seguinte.

### I.26.2 Presentación da documentación xustificativa

Quen no momento da matrícula marque un ou varios motivos de exencións, axudas, subvencións e bonificacións do pagamento dos prezos públicos, ten a obriga de presentar no centro de estudos a documentación acreditativa correspondente nos prazos que se indican para cada tipo de matrícula.

### I.26.3 Comprobación da documentación e procedemento de revisión de matrícula

Ao matricularse é obrigatorio marcar todos os descontos aos que se poida ter dereito.

O procedemento de revisión e control iniciarase no Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos, que dará instrucións ás unidades administrativas correspondentes.

Pasado o prazo establecido e unha vez detectada a falta de documentación, a unidade administrativa correspondente eliminará o motivo de exención, axuda ou subvención correspondente, sen necesidade de reclamar documentación por escrito nin de notificar o cambio, sendo suficiente notificación para estes efectos, a información que figura nesta convocatoria sobre a documentación a presentar, e, de ser o caso, xerará a carta de pagamento correspondente

Do mesmo xeito, no caso de que alguén se matricule como solicitante de bolsa e a Universidade de Vigo detecte e comprobe que dita bolsa non está presentada polos medios e prazos establecidos, procederase a eliminar dita condición na matrícula e xerar a carta de pagamento que segundo o caso corresponda sen necesidade de comunicar previamente dito cambio.

Así mesmo, no momento no que a universidade teña constancia da publicación do listado DEFINITIVO de bolsas concedidas e denegadas, ao alumnado ao que lle sexa denegada definitivamente a solicitude seralle eliminada esa condición da súa matrícula e se lle xerará a carta de pagamento EN EFECTIVO sen necesidade de comunicar previamente dito cambio.

Quen na súa matrícula non indicase que é solicitante de bolsa aínda que a teña solicitado polos medios e prazos establecidos, ten a obriga de aboar os prezos públicos e esperar ata a resolución da súa solicitude. No caso de que a bolsa lle sexa concedida, a persoa interesada deberá asegurarse na unidade administrativa do seu centro de estudos de que ten introducida a conta bancaria correctamente para que se lle poda facer de oficio a devolución do importe que corresponda.

### I.26.4 Exclusións

Non será de aplicación ningún tipo de exención, redución ou subvención de prezos públicos ao alumnado que se matricule en titulacións propias, ou na modalidade de másteres en formación continua, da Universidade de Vigo.

O persoal contratado con cargo ao Capítulo VI (Proxectos de Investigación, entre outros) dos orzamentos das universidades están especificamente excluídos da exención de taxas como persoal da Universidade de Vigo.

## I.27 Tratamento de datos persoais

Os datos persoais recollidos en calquera solicitude relacionada con esta convocatoria teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do Servizo Público de Educación Superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da universidade.

Quen se matricule ou tramite algunha solicitude de acceso ou preinscrición está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados, publicados na páxina web da Universidade de Vigo ou taboleiros de anuncios dos centros e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: xestión administrativa e académica do seu expediente, oferta e prestación de servizos universitarios, realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións, enquisas e seguimento dos servizos universitarios prestados, así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e prácticas en empresas. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo.

## I.28 Secretaría virtual e correo electrónico institucional

Para ter acceso á secretaría virtual disporase dun NIU. Ao alumnado de novo ingreso xeraráselle automaticamente ao finalizar a matrícula. O enlace para recuperar os datos de acceso é https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/.

Co obxecto de facilitar a realización de trámites administrativos *online*, o alumnado da Universidade de Vigo obterá unha dirección electrónica institucional @uvigo.es ou @alumnos.uvigo.es. Esta conta de correo estará dispoñible dende o momento de formalización da matrícula e será obrigatoria para efectuar calquera solicitude, trámite ou comunicación coa Universidade de Vigo. Mediante o NIU obterase o login e contrasinal no enlace https://correoweb.uvigo.es/login.php.

## I.29 Resolucións das reclamacións e recursos:

As reclamacións ou recursos interpostos por estudantes desta universidade en asuntos relativos á matrícula resolveranse ao abeiro desta convocatoria e demais resolucións e acordos que regulamenten o réxime do alumnado, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación en cada caso.

## I.30 Normas finais

No relativo ao procedemento de reclamacións, recursos e desenvolvemento da convocatoria someterase a consideración da Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade de Vigo, no caso dos másteres, ou da Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO), no caso dos doutoramentos.

As instrucións que diten a Secretaría xeral, a Xerencia e as Vicerreitorías competentes en materia de xestión académica da universidade, en aclaración e interpretación das presentes normas de matrícula, faranse públicas nos taboleiros de anuncios dos centros universitarios e na páxina web da universidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa.

## I.31 Entrada en vigor:

A presente convocatoria entrará en vigor e terá efectos para a matrícula en titulacións oficiais de posgrao para o curso académico 2017/2018.

Vigo, 13 de xuño de 2017

O REITOR,

Salustiano Mato de la Iglesia

VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO
VICERREITORA DE ESTUDANTES
VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIÓNS INTERNACIONAIS
SECRETARIA XERAL
DIRECTOR DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)
DECANAS E DECANOS E DIRECTORAS E DIRECTORES DE TODOS OS CENTROS
XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DE ESTUDOS DE GRAO
XEFA DO SERVIZO DE AXUDAS AO ESTUDO, BOLSAS E PREZOS PÚBLICOS
XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN DE ESTUDOS DE POSGRAO
XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
XEFA DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN
DIRECTORA DE ÁREA DE POSGRAO
ADMINISTRADORAS E ADMINISTRADORES DE ÁMBITOS OU CAMPUS
XEFAS E XEFES DE ADMINISTRACIÓN OU ÁREA ACADÉMICA DE TODOS OS CENTROS
RESPONSABLES DOS REXISTROS
XEFAS E XEFES DAS ÁREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE
XEFA DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL

| RELACIÓN DE ANEXOS | |
|---|---|
| I | Calendario para másteres |
| II | Relación de másteres por centro |
| III | Características dos másteres ofertados no curso 2017/2018 |
| IV | Solicitude de matrícula a tempo parcial |
| V | Solicitude de convocatorias adiantadas |
| VI | Solicitude de equivalencia de título estranxeiro |
| VII | Especialidades e itinerarios do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas |
| VIII | Procedemento de transferencia e recoñecemento de créditos para másteres universitarios oficiais |
| IX | Calendario para programas de doutoramento |
| X | Relación de programas de doutoramento por regulación e por centro |
| XI | Características específicas dos programas de doutoramento |
| XII | Procedemento para o establecemento de complementos de formación en programas de doutoramento |
| XIII | Procedemento para a tramitación de solicitudes de recoñecemento, nun programa de doutoramento, de actividades realizadas ao abeiro de regulacións anteriores ao RD 99/2011 |
| XIV | Procedemento prazo extraordinario de admisión en estudos de posgrao, para estudantes estranxeiros/as |
| XV | Exemplo de documento bancario de autorización para domiciliación |

# ANEXO I: CALENDARIO PARA MÁSTERES

## CALENDARIO DE MATRÍCULA PARA O CURSO 2017/2018

(Aprobado na reunión da Comisión de Organización Académica e Profesorado de 12 de maio de 2017)

| PRAZO | PREINSCRICIÓN | LISTADO PROVISIONAL | RECLAMACIÓNS | LISTADO DEFINITIVO | CONFIRMACIÓN DE MATRÍCULA |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º (***) | 21/06-03/07 | 11/07 | 12-14/07 | 18/07 | 19-24/07 |
| 2º (***) | 25/08-03/09 | 08/09 | 09-12/09 | 14/09 | 15-18/09 |
| 3º (*) | 25-27/09 | 03/10 | 04-06/10 | 11/10 | 12-13/10 |
| 2º cuadri-mestre (**) | 08-12/02 | 15/02 | 16-20/02 | 22/02 | 23-27/02 |

(*) Só no caso de que a Comisión Académica do Máster solicite autorización para este prazo á Comisión de Organización Académica e Profesorado entre o 20 e as 14 h00 do 22 de setembro de 2017.

(**) Só no caso de que a Comisión Académica do Máster oferte a modalidade de tempo parcial, teña prazas vacantes e solicite autorización para este prazo á Comisión de Organización Académica e Profesorado, antes do 7 de febreiro de 2018, e só para materias do 2º cuadrimestre.

(***) Para o Máster Universitario de Enxeñaría Industrial, para o Máster Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser, para o Máster Universitario en Enxeñaría da Organización e para o Máster Universitario en Enxeñaría Informática substitúense o 1º e 2º prazos polo que se indica a continuación:

| PRAZO ESPECÍFICO PARA O MÁSTER UNIVERSITARIO DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL, PARA O MÁSTER UNIVERSITARIO EN FOTÓNICA E TECNOLOXÍAS DO LÁSER, PARA O MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA DA ORGANIZACIÓN E PARA O MÁSTER EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA, EN SUBSTITUCIÓN DOS PRAZOS 1º E 2º. | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| PRAZO | PREINSCRICIÓN | LISTADO PROVISIONAL | RECLAMACIÓNS | LISTADO DEFINITIVO | CONFIRMACIÓN DE MATRÍCULA |
| 1º e 2º | 25-27/07 | 31/07 | 09-12/09 | 14/09 | 15-18/09 |

| OUTROS PRAZOS | |
|---|---|
| **TIPO DE MATRÍCULA** | **PRAZO** |
| Continuación de estudos | 1 a 12 de setembro de 2017 |
| Modificación ou anulación de matrícula (1º período de modificación) | Ata 31 de outubro de 2017 |
| Modificación ou anulación de matrícula (2º período de modificación) | 12 a 16 de febreiro de 2018 |

# ANEXO II: RELACIÓN DE MÁSTERES POR CENTRO

| Unidade | Centro | Denominación do máster | Nº de prazas Uvigo (Total Universidades Participantes) | Enderezo Centro | Enderezo electrónico Secretaría do centro | Páxina en Anexo III |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Area Académica de Estudos de Máster e Doutoramento de Ourense | E.S. Enxeñaría Informática | ENXEÑARÍA INFORMÁTICA | 25 | Campus Universitario As Lagoas, s/n 32004 Ourense | administracion.esei@uvigo.es | |
| | Facultade de Ciencias | CIENCIA E TECNOLOXÍA AGROALIMENTARIA E AMBIENTAL | 30 | | posgraofco@uvigo.es | |
| | | FOTÓNICA E TECNOLOXÍAS DO LÁSER | 20 | | | |
| | | NUTRICIÓN | 24 | | | |

| Unidade | Centro | Denominación do máster | Nº de prazas Uvigo (Total Universidades Participantes) | Enderezo Centro | Enderezo electrónico Secretaría do centro | Páxina en Anexo III |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Area Académica de Estudos de Máster e Doutoramento de Ourense | Facultade de Ciencias da Educación | DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS | 25 | Campus Universitario As Lagoas, s/n 32004 Ourense | popinfo@uvigo.es | |
| | | INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS | 32 | | | |
| | Facultade de Ciencias Empresariais e do Turismo | DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO INTERIOR E DE SAÚDE | 40 | | administracion.eto@uvigo.es | |
| | | XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE | 30 | | | |
| | Facultade de Dereito | AVOGACÍA | 30 | | administracion.dereito.ou@uvigo.es | |
| | Facultade de Historia | ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE | 7 (18) | | xafho@uvigo.es | |
| | | VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL | 20 | | | |

| Unidade | Centro | Denominación do máster | Nº de prazas Uvigo (Total Universidades Participantes) | Enderezo Centro | Enderezo electrónico Secretaría do centro | Páxina en Anexo III |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Área Académica da Facultade de Belas Artes | Facultade de Belas Artes | ARTE CONTEMPORANEA. CREACIÓN E INVESTIGACIÓN | 28 | Maestranza, 2 36002 Pontevedra | secfba@uvigo.es | |
| | | LIBRO ILUSTRADO E ANIMACIÓN AUDIOVISUAL | 35 | | | |
| | | DESEÑO E DIRECCIÓN CREATIVA EN MODA | 25 | | | |
| Área Académica de Estudos de Máster e Doutoramento de Pontevedra | Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte | DIRECCIÓN INTEGRADA DE PROXECTOS | 20 (46) | Campus A Xunqueira, s/n. 36005 Pontevedra | xaedup@uvigo.es | |
| | | INVESTIGACIÓN EN ACTIVIDADE FÍSICA, DEPORTE E SAÚDE | 15 (30) | | | |
| | | NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO | 35 | | | |
| | Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación | AVOGACÍA | 25 | | adccssc@uvigo.es | |
| | | DIRECCIÓN DE ARTE EN PUBLICIDADE | 35 | | | |
| | | DIRECCIÓN PÚBLICA E LIDERADO INSTITUCIONAL | 20 | | | |

| Unidade | Centro | Denominación do máster | Nº de prazas Uvigo (Total Universidades Participantes) | Enderezo Centro | Enderezo electrónico Secretaría do centro | Páxina en Anexo III |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Área de Estudos de Máster e Doutoramento de Minas e Telecomunicación | Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía | ENXEÑARÍA DE MINAS | 38 | Campus Universitario Lagoas, Marcosende 36310 Vigo | posgraotecno@uvigo.es | |
| | | XEOINFORMÁTICA | 15 (30) | | | |
| | Escola de Enxeñaría de Telecomunicación | MATEMÁTICA INDUSTRIAL | 20 (100) | | teleco.area.academica@uvigo.es teleco.alumnado@uvigo.es | |
| | | ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN | 50 | | | |

| Unidade | Centro | Denominación do máster | Nº de prazas Uvigo (Total Universidades Participantes) | Enderezo Centro | Enderezo electrónico Secretaría do centro | Páxina en Anexo III |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Área de Estudos de Máster e Doutoramento de Industriais | Escola de Enxeñaría Industrial | ENXEÑARÍA DA AUTOMOCIÓN | 57 | Campus Universitario Lagoas, Marcosende 36310 Vigo | posgraotecno@uvigo.es | |
| | | ENXEÑARÍA DE ORGANIZACIÓN | 25 | | | |
| | | ENXEÑARÍA INDUSTRIAL | 80 | | | |
| | | MECATRÓNICA | 35 | | | |
| | | PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS | 50 | | | |
| | | PROCESOS DE DESEÑO E FABRICACIÓN MECÁNICA | 36 | | | |
| | | XESTIÓN AMBIENTAL NA INDUSTRIA | 25 | | | |
| | | XESTIÓN E TECNOLOXÍA DE ESTRUTURAS E INSTALACIÓNS | 60 | | | |

| Unidade | Centro | Denominación do máster | Nº de prazas Uvigo (Total Universidades Participantes) | Enderezo Centro | Enderezo electrónico Secretaría do centro | Páxina en Anexo III |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Área de Estudos de Máster e Doutoramento do Ámbito Científico de Vigo | Facultade de Bioloxía | ACUICULTURA | 10 (30)itinerario profesional | Campus Universitario Lagoas, Marcosende 36310 Vigo | unidade.pop.c.experimentais@uvigo.es | |
| | | BIOLOXÍA MARIÑA | 10 (30) | | | |
| | | BIOTECNOLOXÍA AVANZADA | 15 (25) | | | |
| | | NEUROCIENCIA | 10 (50) | | | |
| | | PROFESORADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, F. P. E ENSINO DE IDIOMAS | 280 (Ver distribución de prazas por centro e por campus no Anexo VII) | | unidade.pop.c.experimentais@uvigo.es<br>mastersecundaria@uvigo.es | |
| | Facultade de Ciencias do Mar | OCEANOGRAFÍA | 20 (60) | | unidade.pop.c.experimentais@uvigo.es | |
| | Facultade de Química | INVESTIGACIÓN QUÍMICA E QUÍMICA INDUSTRIAL | 20 (120) | | unidade.pop.c.experimentais@uvigo.es | |
| | | QUÍMICA TEÓRICA E MODELIZACIÓN COMPUTACIONAL | 3 (60) | | | |

| Unidade | Centro | Denominación do máster | Nº de prazas Uvigo (Total Universidades Participantes) | Enderezo Centro | Enderezo electrónico Secretaría do centro | Páxina en Anexo III |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Área de Estudos de Máster e Doutoramento Do Ámbito Xurídico-Social-Humanidades de Vigo | Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais | FINANZAS | 35 | Campus Universitario Lagoas, Marcosende 36310 Vigo | aracfccee@uvigo.es | |
| | | TÉCNICAS ESTATÍSTICAS | 25 (75) | | | |
| | | ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA | 25 | | | |
| | | XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE | 25 | | | |
| | Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo | AVOGACÍA | 40 | | secxuridicas@uvigo.es | |
| | | MENORES EN SITUACIÓN DE DESPORTECCIÓN E CONFLITO SOCIAL | 25 | | | |
| | | XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL | 30 (90) | | | |

| Campus | Centro | Denominación do máster | Nº de prazas Uvigo (Total Universidades Participantes) | Enderezo Centro | Enderezo electrónico Secretaría do centro | Páxina en Anexo III |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Área de Estudos de Máster e Doutoramento Do Ámbito Xurídico-Social-Humanidades de Vigo | Facultade de Filoloxía e Tradución | ESTUDOS INGLESES AVANZADOS E AS SÚAS APLICACIÓNS | 10 (30) | Campus Universitario Lagoas, Marcosende 36310 Vigo | secfft@uvigo.es | |
| | | LINGÜÍSTICA APLICADA | 12 (30) | | | |
| | | TRADUCIÓN MULTIMEDIA | 30 | | | |
| | | TRADUCIÓN PARA A COMUNICACIÓN INTERNACIONAL | 30 | | | |
| Área Académica da E.U. de Estudos Empresariais de Vigo | E.U. de Estudos Empresariais | COMERCIO INTERNACIONAL (PRESENCIAL) | 25 | Torrecedeira, 105 36208 Vigo | saeuee@uvigo.es | |
| | | COMERCIO INTERNACIONAL (NON PRESENCIAL) | 25 | | | |
| | | DIRECCIÓN DE PEMES (PRESENCIAL) | 20 | | | |
| | | DIRECCIÓN DE PEMES (SEMIPRESENCIAL) | 10 | | | |

| Campus | Centro | Denominación do máster | Nº de prazas Uvigo (Total Universidades Participantes) | Enderezo Centro | Enderezo electrónico Secretaría do centro | Páxina en Anexo III |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Área Académica da Escola de Negocios Afundación | Escola de Negocios Afundación | DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS (MBA) | 80 | Avda. de Madrid, 60 36204-Vigo | anabel.caneda@ieside.afundacion.edu<br><br>*Contactar directamente co centro adscrito para a preinscrición e matrícula* | |

# ANEXO III: CARACTERÍSTICAS DOS MÁSTERES OFERTADOS NO CURSO 2017/2018

O Anexo III, coas características dos másteres ofertados no curso 2017/2018, pódese atopar directamente publicado na web **posgrao.uvigo.es**, no apartado *"Matrícula 2017/2018 – Matrícula en máster"*.

PG-03

# ANEXO IV:SOLICITUDE DE MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL

## *SOLICITUD DE MATRÍCULA A TIEMPO PARCIAL*

| | |
|---|---|
| Apelidos | |
| Nome: | |
| NIF /Pasaporte nº: | |
| Máster : | |

**SOLICITA** a matrícula a tempo parcial nas seguintes materias (mínimo 24 ECTS)

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | ECTS |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

dado que concorren as seguintes circunstancias que impiden a realización dos estudos a tempo completo:

| |
|---|
| |

En , a de de 20__

Asinado:

EXCMO. SR. REITOR MAGNIFICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

UNIVERSIDADE DE VIGO

# ANEXO V: SOLICITUDE DE ADIANTO DE CONVOCATORIA DO 2º CUADRIMESTRE

| | |
|---|---|
| Apelidos | |
| Nome: | |
| NIF /Pasaporte nº: | |
| Máster : | |
| Centro de adscrición: | |

**SOLICITA** o adianto de convocatorias do 2º cuadrimestre das seguintes materias (ata un máximo de 12 ECTS e para un máximo de 2 materias, asignadas no plan de estudos ao 2º cuadrimestre. No caso de que tamén lle/s quede/n algunha/s materia/s pendente/s do 1º cuadrimestre o máximo elevarase a 18 ECTS e tres materias, computando as do 1º cuadrimestre)

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | ECTS |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

| ☐ ☐ | CÓDIGO | DENOMINACIÓN | ECTS |
|---|---|---|---|
| | | TRABALLO FIN DE MÁSTER | |

En , a de de 20__

Asinado:

SR./A. COORDINADOR/A DO MÁSTER EN ____________________________________

# ANEXO VI

## SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE EQUIVALENCIA DE TÍTULO ESTRANXEIRO (*)

## *SOLICITUD DE RECONOCIMIENTO DE EQUIVALENCIA DE TÍTULO EXTRANJERO (*)*

(*) Aos efectos exclusivos de cursar estudos de Máster na Universidade de Vigo
(*) A los efectos exclusivos de cursar estudios de Máster en la Universidade de Vigo

Máster Universitario en:
(a cubrir por el/la interesado/interesada)

Nombre:
NIF /Pasaporte nº:
Nacionalidad:
En posesión del título académico de:
Obtenido en la Universidad de:
En fecha
Domicilio a efectos de notificación

Teléfono:
Correo Electrónico:

**EXPONE** que desea cursar estudios universitarios de máster en la Universidad de Vigo, por lo que

**SOLICITA** el reconocimiento de la equivalencia académica del título que presenta con el nivel de Licenciado/Licenciada, Ingeniero/Ingeniera, Arquitecto/Arquitecta, Diplomado/Diplomada, Ingeniero Técnico/Ingeniera Técnica, Arquitecto Técnico/Arquitecta Técnica o Graduado Universitario/Graduada Universitaria en España. Para lo que adjunta la siguiente documentación:

| | |
|---|---|
| ☐ | Fotocopia del NIF o Pasaporte. |
| ☐ | Fotocopia compulsada del Título Universitario extranjero (1). |
| ☐ | Certificación académica de los estudios universitarios cursados conducentes al título presentado (1). |
| ☐ | Programa de las diferentes materias a los efectos de comprobar sus contenidos y carga lectiva |
| ☐ | Plan de estudios (1) |
| ☐ | Otros (indicar) |

*(1) La documentación, tanto original como fotocopias, deberá estar legalizada por vía diplomática (excepto Estados acogidos al convenio de La Haya de 05/10/61, y con la correspondiente traducción oficial al español o gallego, así como el visto bueno del Ministerio de Asuntos Exteriores de España. La certificación académica indicará las calificaciones máxima y mínima del sistema de evaluación.*

En , a de de 20__

Firmado:

SR. RECTOR MAGNIFICO DE LA UNIVERSIDAD DE VIGO

## ANEXO VII:

# ESPECIALIDADES E ITINERARIOS NO MÁSTER UNIVERSITARIO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINO DE IDIOMAS

| ESPECIALIDADE | ITINERARIOS | OURENSE | PONTEVEDRA | VIGO |
|---|---|---|---|---|
| 1. Ciencias Experimentais | Bioloxía-Xeoloxía; Física e Química | | | 20 |
| | Matemáticas e Tecnoloxía * | 20 | | 20 |
| | Educación Física | | 20 | |
| 2. Ciencias Sociais | Xeografía e Historia | 20 | | |
| | Humanidades ** | 20 | | |
| 3. Formación Profesional | Servizos | | | 20 |
| | Formación e Orientación Laboral | | | 20 |
| | Sector Primario e Secundario | | | 20 |
| 4. Linguas e Literaturas | Linguas e Literaturas Oficiais: Castelán e Galego | | | 20 |
| | Linguas Estranxeiras | | | 40 |
| 5. Artes | Debuxo | | 20 | |
| 6. Orientación *** | | 12 | 8 | |

* Non se ofertan materias de Matemáticas.
** Non se ofertan materias de Filosofía.
*** Recoñecemento de materias para Licenciados/Licenciadas en Pedagoxía e Psicopedagoxía.

# ANEXO VIII: PROCEDEMENTO DE TRANSFERENCIA E RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS PARA MÁSTERES UNIVERSITARIOS OFICIAIS

## CAPÍTULO I
## Estudos de máster

Artigo primeiro. O procedemento iniciarase por petición do/da interesado/interesada que presentará a solicitude dende o **11 de setembro ata o 13 de outubro de 2017**, ou do **1 ao 28 de febreiro 2018**, na secretaría de alumnado do centro de adscrición da titulación ou nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo, dirixida á comisión académica do máster, unha vez teña formalizada a matrícula correspondente.

O recoñecemento tamén se poderá realizar de oficio pola administración naqueles supostos aos que se refire o artigo 4.3 da Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos e competencias para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior: «A Universidade poderá recoñecer directamente, ou mediante convenios, titulacións estranxeiras que dean acceso a titulacións oficiais da Universidade de Vigo, ou establecer neses convenios o recoñecemento parcial de estudos estranxeiros. A Universidade de Vigo difundirá de forma axeitada estes convenios.»

Artigo segundo. A solicitude deberá ir acompañada dos documentos que acrediten, de xeito fidedigno, os estudos ou actividades das que se pretende o recoñecemento.

a) Estudos nacionais:

- Certificación académica persoal ou calquera outro documento oficial expedido polo centro en que se cursasen os estudos obxecto de recoñecemento. Para as e os estudantes procedentes de centros da propia universidade de Vigo será emitida de forma gratuíta unha certificación académica coa única validez para estes efectos.
- Programas de materias cursadas selados pola universidade/centro de orixe correspondentes ao curso académico que superou, así como unha copia do plan de estudos.
- Calquera outra que estableza a comisión académica do máster.

b) Estudos cursados en universidades estranxeiras:

- Certificación académica oficial expedida polo centro en que se cursasen os estudos obxecto de validación; debe aparecer nela o nivel, a clase de estudos e unha táboa explicativa das cualificacións, en que figure o mínimo necesario para superar as materias.
- Programas das disciplinas correspondentes ao curso académico en que se superaron, así como unha copia do plan de estudos.
- Acreditación da nacionalidade expedida pola autoridade competente no caso de estranxeiros/estranxeiras.
- Acreditación do Ministerio de Educación ou da autoridade competente do país de que os estudos obxecto de validación teñen carácter universitario.
- Calquera outra que estableza a comisión académica do máster.

Os documentos das universidades estranxeiras deben estar legalizados por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España e co visto e prace do Ministerio de Asuntos Exteriores de España (Rúa de José Abascal n.º 41, Madrid), os documentos cuñados coa apostila (Convención da Haia do 5 de outubro de 1961) non precisan outra legalización diplomática ou consular.

Todos os documentos deben entregarse coa correspondente tradución oficial ao galego ou ao castelán, que poderá ser realizada:

- Por calquera representación diplomática ou consular española no estranxeiro.

- Pola representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán o solicitante e, no seu caso, da procedencia do documento.
- Por un tradutor xurado debidamente autorizado e inscrito en España.

c) Outros estudos ou actividades profesionais

Certificación do órgano competente que acredite a realización/superación destes.

d) Participación en actividades universitarias, culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.

Certificación do órgano competente que acredite a participación nestas de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

O modelo de solicitude e calquera outra información complementaria será facilitada nas unidades de atención ao alumnado, nos servizos administrativos dos centros, no Servizo de Alumnado da Reitoría e na web da Universidade.

Artigo terceiro. O número de créditos que poderá ser recoñecido a partir da experiencia profesional ou laboral e de estudos universitarios non oficiais, non superará o 15 por cento do total dos créditos que constitúan o plan de estudos, coas excepcións que se establecen no Real Decreto 1393/2007, modificado polo Real Decreto 861/2010, para o recoñecemento de títulos propios.

Este recoñecemento non incorporará cualificación polo que non computará a efectos de baremo do expediente.

Artigo cuarto. Consonte o establecido no Real Decreto 1393/2007, modificado polo Real Decreto 861/2010 non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes a traballos fin de máster.

Artigo quinto. As secretarías de alumnado dos centros en que estea adscrita a titulación serán as encargadas de tramitar as solicitudes e de asegurarse de que a documentación é, en principio, suficiente e reúne os requisitos formais necesarios. De non ser así, requiriráselle a mellora da solicitude, que terá dez días para emendar os defectos ou para presentar nova documentación. Este prazo de dez días poderá ser obxecto de ampliación por petición do interesado antes de que remate.

No caso de que non se cumpra o requirimento, ditarase resolución de arquivo do expediente asinada polo órgano que resolve o procedemento.

Artigo sexto. As solicitudes que reúnan os requisitos mínimos necesarios serán remitidas antes do 3 de novembro de 2017 para as do primeiro prazo, e antes do 16 de marzo de 2018 para as do segundo prazo, á comisión académica do máster, para que sexa emitido e enviado ao negociado de asuntos xerais un informe técnico sobre as solicitudes antes do día 23 de novembro de 2017 para as solicitudes do primeiro prazo e antes do día 18 de abril de 2018 para as do segundo prazo**.**

O informe terá carácter preceptivo, pero non vinculante, para decanas e decanos e directoras e directores que resolverán por delegación do reitor.

A comisión académica do máster da titulación poderá recadar, mediante petición razoada á alumna ou alumno, a documentación complementaria que estime oportuna. Do mesmo xeito, poderán solicitar asesoramento dos/das especialistas que consideren necesarios ou pedir informes a outras administracións.

É preciso que os informes académicos sexan motivados con xustificación suficiente.

Nos casos de estudos interuniversitarios, a comisión académica do máster da titulación establecerá os mecanismos de coordinación necesarios co resto das universidades, e os informes conterán referencia expresa sobre o acordo alcanzado para o caso concreto.

Os informes servirán de precedentes para posteriores informes do mesmo órgano, sempre que se refira a casos idénticos ou a outros casos que así acorde a comisión académica do máster da titulación. Nestes casos as e os xefes de negociado de asuntos xerais manterán actualizados os listados das materias obxecto de recoñecemento por este sistema para que as secretarías de alumnado eleven a proposta de resolución sen necesidade de informe técnico específico.

Artigo sétimo. As e os coordinadores do máster, encargaranse de facer chegar os informes aos decanatos ou ás direccións dos centros, así como de outras comunicacións necesarias entre a comisión e o resto de unidades e órganos universitarios.

Artigo oitavo. Á vista da documentación e dos informes, a decana ou decano ou a directora ou director, por delegación do reitor, ditará a correspondente resolución antes do **15 de decembro de 2017 para as solicitudes do primeiro prazo**, e antes **do 4 de maio de 2018 para as do segundo prazo**, aínda no caso de que non fose emitido o informe.

## CAPÍTULO II
## Resolucións

Artigo noveno. Como consecuencia das resolucións de recoñecemento de créditos, os estudantes poderán modificar a matrícula na secretaría de alumnado do centro no prazo de dez días dende a recepción da resolución.

Artigo décimo. A resolución deberá ser notificada aos/ás estudantes polos servizos administrativos do centro ao que estea adscrita a titulación para que regularice a súa situación no prazo de dez días, que se contarán dende o día seguinte ao da recepción. Transcorrido o mencionado prazo sen que as e os interesados regularizasen a súa situación, decaerán no seu dereito e ditarase resolución de arquivo do expediente asinada polo órgano que resolve o procedemento.

## CAPÍTULO III
## Prezos públicos

Artigo décimo primeiro. Os prezos correspondentes ao recoñecemento e transferencia de créditos serán os establecidos no Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2017/2018.
As taxas faranse efectivas nos centros en que a alumna ou o alumno vaia iniciar ou continuar os estudos, segundo o procedemento vixente en materia de pagamento de prazos por servizos académicos universitarios, no prazo máximo de dez días a partir da recepción da notificación da correspondente resolución.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. O recoñecemento de créditos figurará nos expedientes do alumnado. No recoñecemento de créditos correspondentes a materias cursadas noutras universidades constará a cualificación obtida na materia obxecto de recoñecemento na universidade de procedencia, o número de créditos e o curso académico de recoñecemento ou acreditación.
A experiencia laboral ou profesional, así como as actividades universitarias constarán no expediente do/da alumno/alumna coa cualificación de APTO.

Segunda. A transferencia de créditos incluirase directamente pola secretaría de alumnado do centro nos expedientes das e dos estudantes, despois de que solicite e presente os documentos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante da totalidade dos créditos obtidos por el nos ensinos oficiais cursados con anterioridade, na mesma ou noutra universidade, que non conduzan á obtención dun título oficial.

Terceira. Para o non regulado neste procedemento estarase ao disposto nas normas de xestión académica. A Vicerreitoría de Estudantes ditará as instrucións oportunas para a posta en práctica do aquí disposto así como para a aclaración de calquera aspecto necesario.

## ANEXO IX: CALENDARIO PARA PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

(Aprobado na reunión da Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento de 24 de marzo de 2017)

### MATRÍCULA POR PRIMEIRA VEZ

| PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO REGULADOS POLO R.D. 99/2011 | | | |
|---|---|---|---|
| MES | DÍAS | ACTIVIDADES | RESPONSABLE |
| Agosto-setembro 2017 | 25-6 | Período de preinscrición na SECRETARIA VIRTUAL | Interesado/Interesada |
| Setembro 2017 | 15 | Listado provisional | Comisión Académica |
| Setembro 2017 | 18-22 | Período de reclamacións ante a Comisión Académica | Interesado/Interesada |
| Setembro 2017 | 28 | Listado definitivo | Comisión Académica |
| Outubro 2017 | 1-9 | Período de matrícula a través da SECRETARÍA VIRTUAL | Interesado/Interesada |

### RENOVACIÓNS DE MATRÍCULA

| PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO REGULADOS POLO R.D.99/2011 E 1393/2007 | | | |
|---|---|---|---|
| MES | DÍAS | ACTIVIDADES | RESPONSABLE |
| Xullo 2017 | 10-21 | Os/as coordinadores/as entregarán no centro de adscrición do programa a relación motivada de alumnos/as que propoñen para causar baixa definitiva no programa. | Comisión Académica/ Coordinador |
| Outubro 2017 | 1-7 | Período de matrícula a través da SECRETARÍA VIRTUAL | Interesado/Interesada |

| PRAZO | PREINSCRICIÓN | LISTADO PROVISIONAL | RECLAMACIÓNS | LISTADO DEFINITIVO | CONFIRMACIÓN DE MATRÍCULA |
|---|---|---|---|---|---|
| 2º cuadri-mestre (*) | 09-12/02/2018 | 15/02/2018 | 16-20/02/2018 | 22/02/2018 | 23-27/03/2018 |

(*) Só no caso de que a Comisión Académica do Programa de Doutoramento oferte a modalidade de tempo parcial, teña prazas vacantes e solicite autorización para este prazo á Comisión Permanente da EIDO, antes do 7 de febreiro de 2018.

**NOTA: Non deberán solicitar renovación de matrícula aqueles/aquelas alumnos/alumnas que depositen a súa tese antes do 9 de outubro de 2017, en virtude da convocatoria.**

## ANEXO Xc: Centros de adscrición dos Programas de Doutoramento regulados polo RD 99/2011

| Campus | Centro | Denominación do título |
|---|---|---|
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DE OURENSE | E.S.E. INFORMÁTICA | Programa de doutoramento en Sistemas Software intelixentes e adaptables |
| | FACULTADE DE CIENCIAS | Programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria<br>Programa de doutoramento en Ecosistemas terrestres, usos sustentables e implicacións ambientais |
| | FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN | Programa de doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento |
| | FACULTADE DE DEREITO | Programa de doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento (Campus AUGA) |
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DE PONTEVEDRA | FACULTADE DE BELAS ARTES | Programa de doutoramento en Creación e investigación en arte contemporánea |
| | FACULTADE DE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE | Programa de doutoramento en Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable<br>Programa de doutoramento Equidade e Innovación en Educación<br>Programa de doutoramento en Educación, Deporte e Saúde |
| | ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL | Programa de doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sustentable (Campus CREA) |
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DO ÁMBITO TECNOLÓXICO DE VIGO | E.E. INDUSTRIAL | Programa de doutoramento en Enxeñaría Química<br>Programa de doutoramento en Investigación en Tecnoloxías e procesos avanzados na industria<br>Programa de doutoramento interuniversitario en Eficiencia enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura |
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DO ÁMBITO TECNOLÓXICO DE VIGO | E.E.MINAS | Programa de doutoramento en Láser, Fotónica e Visión<br>Programa de doutoramento en Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria<br>Programa de doutoramento en Protección do patrimonio cultural |
| | E.E. TELECOMUNICACIÓN | Programa de doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas<br>Programa de doutoramento en Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica<br>Programa de doutoramento en Tecnoloxías da Información e as comunicacións |
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DO ÁMBITO CIENTÍFICO DE VIGO | FACULTADE DE BIOLOXÍA | Programa de doutoramento en Endocrinoloxía<br>Programa de doutoramento en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida<br>Programa de doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica<br>Programa de doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada |
| | FACULTADE DE CC. DO MAR | Programa de doutoramento en Física Aplicada |
| | FACULTADE DE QUÍMICA | Programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces<br>Programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química<br>Programa de doutoramento en Nanomedicina<br>Programa de doutoramento en Química Teórica e Modelización Computacional/Theoretical Chemistry and Computacional Modelling |

| Campus | Centro | Denominación do título |
|---|---|---|
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DO ÁMBITO XURÍDICO-SOCIAL E DE HUMANIDADES DE VIGO | FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS. | Programa de doutoramento en Análise económica e estratexia empresarial<br>Programa de doutoramento en Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (Campus do Mar)<br>Programa de doutoramento en Estatística e Investigación Operativa |
| | FACULTADE DE CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO | Programa de doutoramento en Ordenación Xurídica do Mercado<br>Programa de doutoramento en Xestión e Resolución de conflitos. Menores, Familia e Xustiza terapéutica |
| | FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN | Programa de doutoramento en Comunicación<br>Programa de doutoramento en Estudos Lingüísticos<br>Programa de doutoramento en Estudos literarios<br>Programa de doutoramento en Tradución e Paratradución<br>Programa de doutoramento Interuniversitario en Estudos Ingleses avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura |

## ANEXO XI: Características específicas dos programas de doutoramento ofertados no curso 2017/2018

O Anexo XI, coas características específicas dos programas de doutoramento ofertados no curso 2017/2018, pódese atopar directamente publicado na web **posgrao.uvigo.es**, no apartado *"Matrícula 2017/2018 – Matrícula en doutoramentos"*.

# ANEXO XII: PROCEDEMENTO PARA O ESTABLECEMENTO DE COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN EN PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

**PRIMEIRO:** Establécese un prazo entre o **1 e o 8 de setembro de 2017** para que aqueles programas de doutoramento que requiran a incorporación no seu plan de estudos de complementos de formación que constitúen materias de plans de estudo dun máster da Universidade de Vigo, soliciten ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao dita inclusión, de forma motivada e con indicación do número de alumnado por materia. Cada programa terá que presentar unha solicitude no formulario TC-47 por cada máster que oferte posibles complementos de formación.

**SEGUNDO:** Entre o 9 e o 12 de setembro o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao ordenará as solicitudes recibidas notificándoas aos másteres afectados.

**TERCEIRO:** Entre o 14 e o 22 de setembro as Comisións Académicas dos másteres poderán emitir informe sobre a posibilidade de que as materias solicitadas como complementos de formación, poidan aceptar ao alumnado proposto. No caso de que o informe sexa negativo, este deberá de motivarse.

**CUARTO:** A Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento valorará e aprobará, no seu caso, as solicitudes de complementos de formación realizadas polos programas de doutoramento, tendo en conta os informes achegados polas Comisións Académicas dos másteres afectados.

**QUINTO:** No caso de que exista vinculación entre o programa de doutoramento e o máster do que se pretenden utilizar materias como complementos de formación, todo o procedemento pode reducirse ao establecido no apartado primeiro desta resolución, incluíndo xa no formulario TC-47 o visto e prace da Comisión Académica do Máster para a utilización desas materias, no cadro específico ao efecto, en cor gris.

**SEXTO:** En base ao disposto pola normativa vixente, os e as estudantes que realicen materias de máster como complementos de formación dun programa de doutoramento non poderán contabilizarse como estudantes de máster, aos efectos de acadar o número mínimo de estudantes de novo ingreso marcado pola normativa autonómica.

**SÉTIMO:** Para calquera aclaración ou interpretación desta normativa estarase ao disposto pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento.
Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa.
Non obstante, e de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar dende o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

# ANEXO XIII: PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE RECOÑECEMENTO, NUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO, DE ACTIVIDADES REALIZADAS AO ABEIRO DE REGULACIÓNS ANTERIORES AO RD 99/2011

**PRIMEIRA:** O artigo 20 do RED establece que os cursos, estadías e traballos de investigación realizados na etapa de tese e que non formaran parte formativa de programas do Real Decreto 778/1998, do Real Decreto 56/2005 ou do Real Decreto 1393/2007, ou a realización doutros levados a cabo en programas de doutoramento dunha universidade española ou estranxeira, poderán ser recoñecidos polos equivalentes dun programa de doutoramento.

**SEGUNDA:** O alumnado solicitará o recoñecemento destas actividades **entre o 2 e o 15 de novembro de 2017, ou entre o 2 e o 15 de maio de 2018**. Deberá presentar o modelo de solicitude TC-43, xunto coa documentación xustificativa da realización de ditas actividades. A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) poderá requirir un certificado expreso de que ditas actividades non constitúen parte do período formativo dos programas de doutoramento de orixe.

**TERCEIRA:** Previa comprobación da documentación polas secretarías dos centros de adscrición administrativa dos programas de doutoramento a CAPD emitirá un informe sobre a procedencia de recoñecer ou non ditas actividades e o trasladará á dirección da Escola Internacional de Doutoramento para que emita a correspondente resolución. Dita resolución será emitida antes do 15 de decembro, para o prazo de novembro, e antes do 15 de xuño, para o prazo de maio de 2018.

**CUARTA:** A resolución de recoñecemento será comunicada polo Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, tanto ao solicitante como á secretaría do centro, que incorporará o recoñecemento ao expediente do alumnado e procederá ao seu arquivo.

# ANEXO XIV: PROCEDEMENTO PARA ADMISIÓN EN ESTUDOS DE POSGRAO DE ESTUDANTES ESTRANXEIROS/ESTRANXEIRAS PARA O CURSO 2018/2019

**Obxecto:**

A necesidade de obter un documento de admisión nun máster para solicitar determinados tipos de bolsa e a, en ocasións, longa tramitación requirida para a obtención dun visado por parte de estudantes estranxeiros/estranxeiras que queren acceder á nosa Universidade aconsellan adiantar o proceso de admisión deste alumnado, mentres non se fai pública a convocatoria de matrícula para o curso 2018/2019.

A través desta convocatoria adóptanse medidas neste sentido co obxectivo de facilitar o acceso de estudantes estranxeiros/estranxeiras aos nosos másteres.

**Número de prazas:**

Cada máster, ou programa de doutoramento, poderá adiantar a admisión de ata 5 alumnos/alumnas estranxeiros/estranxeiras.

**Prazo de solicitudes:**

Ata o 20 de xuño de 2018.

**Requisitos de acceso:**

Os/As aspirantes con titulación estranxeira poderán acceder aos estudos de posgrao se cumpren algún dos seguintes requisitos:

1. Estar en posesión dun título expedido por un sistema universitario estranxeiro e que estea homologado a un título español que habilite para o acceso aos estudos de posgrao.
2. Posuír un título expedido por un sistema universitario estranxeiro e sen homologación, coa comprobación previa de que o título expedido polo sistema universitario estranxeiro acredita un nivel de formación equivalente ao correspondente título español de grao e que faculta no país expedidor do título para o acceso aos estudos de posgrao.

   No caso de que os aspirantes presenten un título dun país alleo ao Espazo Europeo de Educación Superior (en adiante, EEES) deberán presentar a correspondente solicitude de equivalencia de título. A solicitude de admisión deberá ser aprobada por resolución reitoral, despois de informe motivado favorable da solicitude de equivalencia de título, polo órgano ou unidade administrativa establecida na normativa propia da Universidade de Vigo nesta materia.

   Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título estranxeiro do/da interesado/interesada, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os estudos de posgrao na Universidade de Vigo.

   A resolución que desestime a equivalencia dos estudos estranxeiros cursados a efectos do ingreso nos estudos de posgrao, implicará a anulación de cantos actos se deriven da matrícula.

**Documentación:**

O alumnado enviará en formato electrónico á secretaría do centro de adscrición do máster a seguinte documentación:

a) Solicitude de equivalencia do título (PG-01), debidamente cumprimentada, para titulacións de países de fóra do EEES.
b) Fotocopia compulsada do Documento de Identidade do país de orixe ou Pasaporte
c) Fotocopia do título universitario estranxeiro
d) Certificación académica dos estudos universitarios cursados conducentes ao título presentado, con mención específica sobre o acceso con dito título, no país de orixe, a estudos de posgrao.
e) Plan de estudos
f) No caso de que a Comisión Académica do máster así o determine poderá solicitarse tamén o programa das diferentes materias aos efectos de comprobar os seus contidos e carga lectiva.

O alumnado que posúa certificación académica nun idioma distinto do galego ou castelán, deberá acompañala da correspondente tradución xurada. Neses casos a certificación indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima para aprobar.
No momento en que a matrícula sexa formalizada, e no caso dos/das alumnos/alumnas con titulacións de países alleos ao EEES, os documentos c), d) e e) deben estar legalizados por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España e co visto e prace do Ministerio de Asuntos Exteriores de España (Calle José Abascal, 41 – Madrid); os documentos selados coa Apostilla de La Haya non precisan outra legalización diplomática ou consular.

**Procedemento:**
A secretaría do centro de adscrición emitirá un informe segundo o modelo do Anexo II sobre o cumprimento dos requisitos de acceso. Se fose necesario, poderá solicitar, por correo electrónico, soporte para a elaboración do informe ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, que manterá unha relación actualizada de estudos de acceso estranxeiros xa recoñecidos, na páxina web:
http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/posgrao/estranxeiros/,
como referencia para a elaboración de dito informe.
Despois a secretaría do centro de adscrición trasladará a solicitude, e a súa documentación, en formato electrónico, á Comisión Académica do máster, ou do programa de doutoramento, para que emita informe sobre os requisitos de admisión, segundo o modelo de Anexo III, trasladándoo de novo á secretaría do centro.
Finalmente, a secretaría do centro enviará por correo electrónico ao enderezo do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, posgrao@uvigo.es, en formato electrónico, copia da solicitude, do título de acceso, do informe de acceso e do informe de admisión.
A Secretaría Xeral emitirá ao solicitante, se procede, carta de admisión, coa que poderá realizar as xestións necesarias en canto a bolsas, e tamén en canto a visados, conforme ao establecido no novo regulamento da Lei de Estranxeiría (Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma por Lei Orgánica 2/2009, publicado no Boletín Oficial do Estado do 30 de abril de 2011).

Aqueles másteres, ou programas de doutoramento, que sen prexuízo do establecido no apartado “Confirmación de matrícula” desta resolución, desexen realizar unha admisión definitiva dos/das seus/súas estudantes estranxeiros/estranxeiras deberán enviar ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao un informe que inclúa a solicitude de incorporación desas prazas no cota específico para estranxeiros/estranxieras, así como unha breve referencia aos motivos polos que eses estudos poderán impartirse no curso 2018/2019. O alumnado estranxeiro obterá así unha carta de admisión definitiva neses estudos.
Para facilitar no posible estas xestións o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao enviará á Oficina de Relaciones Internacionais (ORI) unha relación de alumnos/alumnas estranxeiros/estranxeiras admitidos/admitidas por este procedemento.
O alumnado deberá realizar a preinscrición e a matrícula nos prazos que, con carácter xeral, se determinen na correspondente convocatoria de matrícula.
A secretaría do centro tramitará, unha vez realizada a matrícula, a solicitude de equivalencia de título de acordo co procedemento que se determine no curso 2018/2019.

**Confirmación de matrícula:**
A implantación dos estudos de máster universitario está condicionada á confirmación da autorización por parte do Consello de Universidades e da Xunta de Galicia, así como a alcanzar o número mínimo establecido de alumnos/alumnas matriculados/matriculadas, para cada tipo de máster. Se se cumpren estas condicións, a matrícula se confirmará sempre que houbera menos solicitantes que prazas se estableceran para cada cota, ou habendo máis solicitudes, cando o expediente do/da alumno/alumna ocupe un posto igual ou inferior ao número de prazas convocadas. Ao alumnado ao que a súa matrícula non lle poida ser confirmada por estes motivos terá dereito á devolución das taxas correspondentes que realmente houbese aboado.

# ÍNDICE


CAPÍTULO I Matrícula en Másteres Universitarios .......... 1
I.1 Requisitos de acceso .......... 1
I.2 Tipos de matrícula e condicións xerais .......... 2
I.2.1 Matrícula ordinaria .......... 2
I.2.1.1 Matrícula a tempo completo .......... 2
I.2.1.2 Matrícula a tempo parcial .......... 3
I.2.2 Alumnas e alumnos de Programas Interuniversitarios .......... 3
I.2.3 Alumnas e alumnos estranxeiros de programas de intercambio .......... 3
I.2.4 Cota de alumnado con discapacidade .......... 4
I.2.5 Condicións xerais .......... 4
I.3 Formalización da matrícula de novo ingreso .......... 4
I.3.1 Preinscrición .......... 5
I.3.1.1 Alumnado da Universidade de Vigo .......... 5
I.3.1.2 Alumnado doutras Universidades españolas e do EEES .......... 6
I.3.1.3 Alumnado estranxeiro .......... 6
I.3.2 Admisión .......... 8
I.3.3 Confirmación de Matrícula .......... 8
I.3.4 Procedemento de adxudicación de prazas e matrícula .......... 8
I.3.4.1 1º prazo de matrícula .......... 8
I.3.4.2 2º prazo .......... 9
I.3.4.3 3º prazo .......... 10
I.3.4.4 Prazos en másteres interuniversitarios .......... 10
I.4 Formalización da matrícula de continuación de estudos .......... 10
I.5 Formalización da matrícula en réxime de tempo parcial .......... 10
I.6 Formalización da matrícula do alumnado matriculado en réxime de formación continua en cursos anteriores e que desexan finalizar os mesmos estudos na modalidade de matrícula ordinaria. .......... 11
I.7 Matrícula no segundo cuadrimestre .......... 11
I.7.1 Matrícula para alumnado que inicie estudos. .......... 12
I.7.2 Matrícula para alumnado que xa está matriculado en másteres universitarios .......... 12
I.8 Simultaneidade de estudos .......... 12
I.9 Cambios, desistimentos e modificacións .......... 13
I.10 Modificación da matrícula: .......... 13
I.10.1 Solicitudes de modificación de matrícula .......... 13
I.10.1.1 Primeiro período de modificación de matrícula .......... 13
I.10.1.2 Segundo período de modificación de matrícula .......... 13
I.10.2 As resolucións de modificacións de matrícula fóra dos prazos establecidos no Anexo I .......... 13
I.11 Anulación parcial ou total da matrícula: .......... 14
I.11.1 Anulación parcial .......... 14
I.11.2 Anulación total .......... 14
I.11.3 Impedimentos para a concesión de anulación de matrícula .......... 14
I.12 Convocatorias adiantadas .......... 14
I.12.1 Introdución .......... 15
I.12.2 Requisitos .......... 15
I.12.3 Procedemento .......... 15
I.12.3.1 Prazo de solicitudes .......... 15

I.12.3.2 Traslado á Comisión Académica do máster ... 15
I.12.3.3 Valoración das solicitudes ... 16
I.12.3.4 Publicación de listados provisionais ... 16
I.12.3.5 Prazo de reclamacións ... 16
I.12.3.6 Publicación de listados definitivos ... 16
I.12.4 Prazo de entrega de actas ... 17
I.12.5 Cómputo de convocatorias ... 17
CAPÍTULO II Matrícula nos estudos conducentes ao título de Doutora ou Doutor pola Universidade de Vigo ... 18
II.1 Requisitos Xerais de Acceso a Programas de Doutoramento ... 18
II.1.1 Programas de Doutoramento regulados polo RD 99/2011 (matrícula por primeira vez) ... 18
II.2 Requisitos de Admisión ... 20
II.2.1 Admisión en Programas de Doutoramento regulamentados polo RD 99/2011 ... 20
II.3 Extinción de Programas e Incorporación aos novos Doutoramentos regulados polo RD 99/2011. ... 21
II.4 Procedemento e formalización de matrícula ... 21
II.4.1 Programas de Doutoramento regulados polo RD 99/2011 ... 22
II.4.1.1 Preinscrición ... 22
II.4.1.2 Admisión ... 22
II.4.1.3 Formalización da matrícula ... 23
II.4.1.4 Asignación de Director/Directora da Tese ... 24
II.4.1.5 Formación cuberta pola matrícula en Tutela de Tese ... 24
II.4.1.6 Cota para estranxeiros/estranxeiras ... 24
II.4.1.7 Cota para alumnado con discapacidade ... 25
II.4.1.8 Baixas temporais ... 25
II.4.1.9 Data de efectos da matrícula ... 25
II.4.1.10 Matrícula fóra de prazo ... 26
II.4.1.11 Procedemento para a tramitación de solicitudes de recoñecemento de actividades realizadas ao abeiro de resolucións anteriores ao RD 99/2011, ou noutras universidades. ... 26
II.5 Cambios, desistencia e modificacións ... 26
II.6 Estudantes estranxeiros/estranxeiras ... 26
II.7 Matrícula no segundo cuadrimestre ... 27
II.8 Solicitude de prórroga ... 27
II.9 Matrícula nas actividades formativas propias dos programas de doutoramento ... 27
CAPÍTULO III Normas comúns á matrícula en estudos de posgrao ... 28
III.1 Estados e efectos da matrícula: ... 28
III.1.1 Estados da matrícula ... 28
III.2 Dereitos e deberes ... 28
III.3 Incompatibilidades académicas e horarias ... 29
III.4 Prezos públicos, modalidades e formas de pagamento, conciliacións, impagados e devolucións de importes ... 29
III.4.1 Prezos públicos ... 29
III.4.1.1 Prezos por servizos académicos ... 30
III.4.1.2 Prezos por servizos administrativos ... 30
III.4.1.3 Outros importes de xestión académica ... 31
III.4.2 Modalidades e formas de pagamento dos prezos públicos ... 31
III.4.2.1 Modalidades de pagamento ... 31
III.4.2.2 Formas de pagamento ... 32

III.4.3 Cambio nas modalidades e formas de pagamento ... 34
III.4.4 Conciliación dos pagamentos relativos á matrícula ... 34
III.4.5 Estado dos pagamentos ... 35
III.4.6 Falta de pagamento dos prezos públicos ... 35
III.4.7 Devolución dos prezos públicos por parte da universidade ... 35
III.5 Exencións, axudas, subvencións e bonificacións ... 36
III.5.1 Tipos ... 36
III.5.1.1 Exencións ... 36
III.5.1.2 Axudas e subvencións ... 36
III.5.1.3 Bonificacións ... 37
III.5.2 Presentación da documentación xustificativa ... 37
III.5.3 Comprobación da documentación e procedemento de revisión de matrícula ... 37
III.5.4 Exclusións ... 38
III.6 Tratamento de datos persoais ... 38
III.7 Secretaría virtual e correo electrónico institucional ... 38
III.8 Resolucións das reclamacións e recursos: ... 39
III.9 Normas finais ... 39
III.10 Entrada en vigor: ... 39
RELACIÓN DE ANEXOS ... 41
ANEXO I: CALENDARIO PARA MÁSTERES ... 42
ANEXO II: RELACIÓN DE MÁSTERES POR CENTRO ... 43
ANEXO III: CARACTERÍSTICAS DOS MÁSTERES OFERTADOS NO CURSO 2017/2018 ... 52
ANEXO IV: SOLICITUDE DE MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL ... 53
ANEXO V: SOLICITUDE DE CONVOCATORIAS ADIANTADAS ... 54
ANEXO VI: SOLICITUDE DE EQUIVALENCIA DE TÍTULO ESTRANXEIRO ... 55
ANEXO VII: ESPECIALIDADES E ITINERARIOS DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINO DE IDIOMAS ... 56
ANEXO VIII: PROCEDEMENTO DE TRANSFERENCIA E RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS PARA MÁSTERES UNIVERSITARIOS OFICIAIS ... 57
ANEXO IX: CALENDARIO PARA PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO ... 61
ANEXO Xc: CENTROS DE ADSCRICIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO REGULADOS POLO RD 99/2011 ... 61
ANEXO XII: PROCEDEMENTO PARA O ESTABLECEMENTO DE COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN EN PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO ... 65
ANEXO XIII: PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE RECOÑECEMENTO, NUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO, DE ACTIVIDADES REALIZADAS AO ABEIRO DE REGULACIÓNS ANTERIORES AO RD 99/2011 ... 66
ANEXO XIV: PROCEDEMENTO PARA ADMISIÓN EN ESTUDOS DE POSGRAO DE ESTUDANTES ESTRANXEIROS/ESTRANXEIRAS PARA O CURSO 2018/2019 ... 67
ÍNDICE ... 70